No concreto, implicará 378 despedimentos en Telefónica SA (32,5%), 233 despedimentos na filial “Innovación Dixital” (23,4%) e 140 saídas na filial Global Solutions (21,9%), ademais dos 3.649 despedimentos previstos para Telefónica España, a máis afectada implicando 41% do persoal, e os 1.124 despedimentos na filial Telefónica Móviles (31,3% do persoal). E estes súmanse os despedimentos de Telefónica Soluciones (267 que implican 23,9%) e os de Movistar+ (297 despedimentos que suman 34,5% do total do cadro de persoal).

Na Galiza, a compañía conta cun cadro de persoal de 500 persoas e o ERE podería afectar a máis dun terzo do persoal, máis de 150 persoas e que en termos porcentuais situaríase en torno a 35% do persoal.

Cabe lembrar que Telefónica é unha empresa con participación pública, pois a SEPI ten 10% do capital social desta compañía e que ademais segue obtendo

Asinado o día 04/12/2025 ás
13:19
Por Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes lucros na súa actividade, só en 2024, declarou un beneficio neto de 2.304 millóns de euros.

Son dúas cuestións de máxima relevancia. Por unha banda porque a entrada do estado no capital da empresa produciuse para garantir a seguridade dun sector estratéxico, e pola outra banda os beneficios acadados non xustifican medidas de redución de emprego.

Neste contexto, desde o BNG non entendemos que tanto goberno do estado como goberno galego non tomen medidas para evitar o que claramente vai significar un aumento da precariedade laboral no sector das telecomunicacións e un empeoramento dun servizo cada vez máis esencial para a cidadanía e estratéxico desde diferentes puntos de vista: desenvolvemento económico, transición dixital, seguridade sanitaria e das emerxencias, seguridade das comunicacións, etc.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Reunirse cos sindicatos máis representativos da Galiza para valorar o impacto laboral do ERE de Telefónica nos diferentes sectores de actividade atinxidos no noso país.

2. Reunirse coa representación empresarial para exixir a retirada da medida e a protección do emprego na Galiza.

3. Demandar ao goberno do estado que a través da súa posición de control no Consello de administración da empresa exixa a retirada do despedimento colectivo.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 13:20:21
Nº Rexistro: 40566
Data envío: 04/12/2025 13:20:21.036

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/12/2025 13:19:03

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/12/2025 13:19:11

Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2025 13:19:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 13:20:21
Nº Rexistro: 40566
Data envío: 04/12/2025 13:20:21.036

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 13:20:21
Nº Rexistro: 40566
Data envío: 04/12/2025 13:20:21.036

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 13:20:21

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galica**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, e Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

O pasado 15 de outubro tivo lugar unha reunión entre deputadas do Grupo Parlamentario Socialista e traballadoras da escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Nela trasladouse unha situación de profunda precariedade que se arrastra dende hai máis dunha década, afectando a milleiros de profesionais que desempeñan tarefas esenciais nunha das áreas máis sensibles da Administración galega.

As empregadas públicas da escala de Servizos Sociais levan 13 anos sen un concurso de traslados, unha anomalía administrativa que impide a mobilidade voluntaria, limita dereitos básicos, xera inestabilidade vital e profesional e incumpre tanto o principio de periodicidade recollido na normativa como as boas prácticas en materia de función pública.

A isto engádese a práctica inexistencia de oportunidades reais de promoción profesional, o que consolida un modelo organizativo no que o persoal permanece estancado, sen itinerarios claros de carreira, sen recoñecemento da experiencia acumulada e sen instrumentos para mellorar a súa cualificación ou progresar dentro da Administración.

A discriminación tamén se manifesta no acceso ás xefaturas e responsabilidades de coordinación, onde continúan producíndose nomeamentos discrecionais que non garanten a igualdade de oportunidades nin a concorrência competitiva. Estas prácticas resultan aínda máis graves nunha escala altamente feminizada,

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:34
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:32
Por Patricia Iglesias Rey



na que a falta de transparencia e de mobilidade profesional impacta de maneira directa nas condicións laborais das mulleres e na perpetuación de desigualdades estruturais.

Adicionalmente, o persoal de Servizos Sociais da Xunta sofre unha sobrecarga laboral crecente en áreas especialmente sensibles como:

- o IMELGA, onde a carga pericial é cada vez maior e se trasladan ao persoal responsabilidades sen reforzos suficientes;
- o ámbito da dependencia, con listas de agarda extensas e avaliacións acumuladas;
- o sistema de protección de menores, que afronta unha complexidade crecente con equipos infradotados;
- a área de discapacidade, tamén afectada pola falta de reforzos, incremento de expedientes e atrasos na tramitación.

A resposta do Goberno galego fronte a esta realidade non foi o reforzo dos equipos nin a creación de máis prazas, senón unha tendencia progresiva á externalización e privatización de servizos sociais, como se observa na derivación de funcións do IMELGA cara dispositivos externos. Esta estratexia debilita o sistema público, aumenta a inestabilidade e resta capacidade técnica aos servizos propios da Administración.

Todo isto conforma un escenario insostible que require unha resposta inmediata: é necesario convocar concursos, activar procesos de promoción, garantir transparencia nas xefaturas, frear a privatización e reforzar de maneira urxente os equipos profesionais que atenden á cidadanía en ámbitos de especial protección.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Convocar a elección de destino dos postos de traballo do concurso de traslados da escala de Servizos Sociais, garantindo que se inclúan todas as prazas da convocatoria inicial, conforme aos principios de transparencia, igualdade, mérito e capacidade.
2. Remitir ao Parlamento de Galicia un informe detallado sobre os postos ofertados no concurso de traslados da escala de Servizos Sociais afectados por recursos xudiciais ou medidas cautelares, especificando:
 - o o código de praza,
 - o o nivel profesional,
 - o e a situación xurídico-administrativa concreta de cada posto.
3. Pór en marcha un plan real de promoción profesional para o persoal desta escala, que inclúa itinerarios claros de carreira, procesos de promoción interna e medidas de recoñecemento da experiencia profesional acumulada.
4. Limitar o abuso discrecional da provisión de postos de niveis altos das comisións de servizos.
5. Garantir procesos transparentes, obxectivos e concorrencias de acceso ás xefaturas e postos de responsabilidade, evitando prácticas discrecionais e asegurando a igualdade de oportunidades nunha escala amplamente feminizada.



6. Reforzar con empregadas públicas de maneira inmediata os equipos de Servizos Sociais, especialmente nos ámbitos do IMELGA, dependencia, menores e discapacidade, garantindo recursos humanos suficientes para atender o volume de traballo e evitar situacións de saturación e risco para a correcta prestación do servizo.
7. Rexeitar a externalización e privatización dos servizos sociais públicos, recuperando para a Administración galega aqueles ámbitos nos que xa se produciu unha derivación cara a entidades externas, como no caso do IMELGA.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 16:32:19

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 16:34:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:39:25
Nº Rexistro: 40590
Data envío: 04/12/2025 16:39:25.092

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:39:25
Nº Rexistro: 40590
Data envío: 04/12/2025 16:39:25.092

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 16:39:25

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 40582
Data envío: 04/12/2025 14:14:37,722

Asinado o día 04/12/2025 ás 14:05
Por Borja Vereza Fraiz

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Raquel Arias Rodríguez, Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Río, Carmen Pomar Tojo, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez e Angel Rodríguez Conde** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos descritos que merecen unha contundente condena en todas as institucións democráticas

Asinado o día 04/12/2025 ás 14:05
Por Raquel Arias Rodríguez

Exposición de Motivos

Cada 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, desenvólvense diferentes actividades para sensibilizar e denunciar esta lacra que constitúe unha das violacións dos dereitos humanos máis persistentes e devastadoras do noso tempo e reclamar políticas para a súa erradicación.

Galicia é hoxe un territorio que di NON ao machismo que perpetúa a violencia de xénero, que di NON en todos os espazos e a cada unha das formas nas que se pode presentar esta violencia e que ofrece máis recursos de denuncia, protección e acompañamento ás mulleres vítimas destas situacións.

A eliminación da violencia de xénero, lonxe de constituír unha reivindicación partidista, debera ser un espazo no que prime a unidade de todos os partidos políticos, como de feito hoxe é unha demanda que aglutina un amplo consenso social.

Co todo, desde o independentismo galego -en particular organizacións como a Confederación Intersindical Galega (CIG) ou o Bloque Nacionalista Galego (BNG)- optouse, unha vez máis, pola confrontación, a polarización e a división, rachando a unidade nun día tan sinalado e, o que aínda é peor, promovendo actos, manifestacións e protestas violentas.

Asinado o día 04/12/2025 ás 13:59
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Así aconteceu na concentración convocada polo independentismo galego ás portas da sede do PP de Santiago de Compostela, onde protagonizaron un episodio de hostilidade e de escalada violencia que obrigou a intervir á Policía Nacional e no que se produciron coaccións e intimidacións.

Resulta como mínimo contraditorio que no día no que se denuncia a violencia contra as mulleres, organizacións do nacionalismo galego aposten por protestas nas que se promova a violencia verbal contra a mulleres e traballadores da sede dun partido político e mesmo contra xornalistas que cubrían o acto. O fin da violencia non se defende con máis violencia

Non é a primeira vez que a sede do Partido Popular está no punto de mira da acción violenta do independentismo galego. Tamén en Santiago, o pasado 25 de xuño organizouse un *escrache*, onde ademais vandalizaron as instalacións e subtraeron varias pancartas, nun acto de evidente vulneración da convivencia democrática

Os feitos descritos, lonxe de constituír unha situación puntual, son plenamente coincidentes co chamado feito polo Comité Central da Unión do Povo Galego (UPG), organización dominante do BNG e da CIG, que recentemente arengaba nunha publicación á intensificar a conflitividade social na rúa e afondar na división e na polarización, o que se traduciu neste tipo de episodios violentos.

Esta mesma estratexia, que agora a UPG formula de modo explícito, pode apreciarse noutros casos, a protesta violenta convocada co gallo da celebración dun pleno municipal en Pontareas, os insultos e persecución que dirixen destacados militantes do independentismo galego contra a conselleira de Política Social e Igualdade ou contra a secretaria xeral do PPdeG, por non esquecer o correo electrónico que o sindicato CIG remitía aos centros de ensino con material didáctico relacionado coa posición de conflitividade social que esta organización mantén en cuestións medioambientais.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución:

1º- Condenar de forma rotunda e enérxica a violencia e presión arroxadas o pasado 25 de novembro durante a manifestación convocada polo independentismo galego, a través da CIG, na sede local do PP de Santiago de Compostela.

2º- Reprobar calquera manifestación que supoña violencia, coacción e intimidación.





3º- Manifestar a súa vontade de que os Grupos Parlamentarios rexeiten de xeito explícito e inequívoco estes actos violentos e o cese inmediato destes comportamentos.

4º- Cominar ás formacións políticas a non usar mensaxes que promovan o odio cara aos adversarios políticos e traballar para expulsar do debate político e da estratexia partidista insultos, intimidacións e accións violentas na procura de reforzar a nosa convivencia e os valores democráticos”

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/12/2025 13:59:06
Raquel Arias Rodríguez na data 04/12/2025 14:05:15
Borja Vereza Fraiz na data 04/12/2025 14:05:28
Carmen Pomar Tojo na data 04/12/2025 14:06:01
Noelia Pérez López na data 04/12/2025 14:06:15
Ethel Vázquez Mourelle na data 04/12/2025 14:06:37
María Encarnación Amigo Díaz na data 04/12/2025 14:08:37
Víctor Baladrón Lamas na data 04/12/2025 14:08:50
Nicole Grueira Fernández na data 04/12/2025 14:09:12
Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/12/2025 14:09:22
Argimiro Marnotes Fernández na data 04/12/2025 14:10:10
Maria Magdalena Perez Millares na data 04/12/2025 14:10:16
Cristina Sanz Arias na data 04/12/2025 14:10:32
Moisés Rodríguez Pérez na data 04/12/2025 14:10:51
Ángel Rodríguez Conde na data 04/12/2025 14:11:04
Paula Prado del Rio na data 04/12/2025 14:13:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 14:14:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 40582
Data envío: 04/12/2025 14:14:37.722

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Víctor Baladrón Lamas, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O pasado 2 de agosto tivo lugar en A Gudiña unha multitudinaria manifestación convocada pola plataforma Dereito ao Tren, coa participación de milleiros de persoas das comarcas de Monterrei, A Limia, Valdeorras, Trives, Conso-Frieiras, da veciña Sanabria e mesmo do norte de Portugal. Todas elas reclamaron a rectificación inmediata da decisión de RENFE de suprimir, desde o 9 de xuño, as paradas dos trens de alta velocidade na estación A Gudiña–Porta de Galicia.

Esta medida supón un grave prexuízo para o sur da provincia de Ourense, pois unha infraestrutura concibida precisamente como porta de entrada a Galicia permanece hoxe infrautilizada, con horarios irracionais e claramente discriminatorios para quen vive no rural.

A estación de A Gudiña–Porta de Galicia é un servizo esencial para milleiros de veciños que dependen do AVE para desprazarse a servizos sanitarios fundamentais. Especialmente preocupante é o impacto sobre as persoas que teñen cancro e que deben acudir regularmente ao hospital para consultas, probas diagnósticas e tratamentos.

A propia Asociación Española Contra o Cancro (AECC), así como outras entidades vinculadas a pacientes, levan tempo alertando de que a supresión de paradas e os horarios pouco útiles prexudican gravemente a estas persoas, obrigándoas a





realizar longos desprazamentos por estrada, utilizar vehículos privados cando non poden facelo ou mesmo perder citas médicas programadas. Trátase de pacientes vulnerables que necesitan servizos públicos de transporte accesibles, fiables e adaptados á súa realidade.

A realidade é evidente: mentres noutras comunidades autónomas se reforzan servizos ferroviarios, RENFE e o Goberno que preside Pedro Sánchez, aplican recortes que reducen a conectividade do interior de Galicia, afondando no illamento territorial e limitando oportunidades sociais, laborais, económicas e, especialmente, sanitarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o restablecemento inmediato das paradas suprimidas desde o 9 de xuño dos trens de alta velocidade na estación A Gudiña-Porta de Galicia, con horarios útiles e adaptados ás necesidades reais da poboación.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/12/2025 10:13:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 10:13:11
Nº Rexistro: 39755
Data envío: 01/12/2025 10:13:11.967

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 10:13:11
Nº Rexistro: 39755
Data envío: 01/12/2025 10:13:11.967

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 10:13:12

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 11:58:34
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 01/12/2025 11:58:34.553

Asinado o día 01/12/2025
11:57
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Ariadna Fernández González** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a concentración parcelaria no concello de Rodeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os procesos de concentración parcelaria do Deza Tabeirós e Terra de Montes sofren graves atrasos que afectan directamente ao desenvolvemento adecuado da actividade agrogandeira en dita comarca, un referente en canto á gandería, con especial implantación nos concellos de Deza, onde tanto o porcino, avicultura e gandería de vacún de carne e leite son referentes no país.

Esta falla de dispoñibilidade de SAU, ao mesmo tempo que o elevado número de parcelas e a grande cantidade de propietarios descoñecidos, é unha constante para os titulares das explotacións que están a desenvolver unha actividade gandeira na actualidade. Nun momento de grandes cambios no sector, onde a remuda xeracional depende en moitos casos da estrutura da terra e a súa organización como eixo fundamental da rendibilidade das explotacións, os concellos da comarca son vítimas de procesos de ordenación territorial lentos e de elevada burocracia, que enlentece o avance da gandería.

Non é alleo a esta problemática o concello de Rodeiro, onde a importancia do sector se amosa coas cifras de persoas que se dedican ao agro, que chegan ao 42% dos ocupados. Segundo os datos oficiais da propia memoria da concentración parcelaria de Val de Camba, son 390 traballadoras e traballadores dedicados ao sector agrogandeiro nun concello de algo máis de 2200 habitantes, que implica unha alta necesidade de atención

Asinado o día 01/12/2025 ás 11:57
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 01/12/2025 ás 11:57
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 11:58:34
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 01/12/2025 11:58:34.553

por parte da Consellería de Medio Rural e que reverte de xeito directo na economía de concellos coma Rodeiro. Deste xeito, neste proceso de concentración que afecta ás parroquias de Camba, Río e Fafián, 17 anos despois de decretarse os veciños e veciñas continúan a agardar polos camiños secundarios e as melloras dos camiños principais de acceso aos predios da zona de reestruturación, co que iso implica para a utilidade e comodidade dos propietarios das parcelas.

Tras promesas reiteradas por parte do goberno galego ao respecto deste arranxo dos accesos ás algo máis de 1800 parcelas resultantes da concentración, unha das últimas levadas a cabo por parte do anterior Conselleiro de Medio Rural no 2018, anunciando que o ano seguinte estarían preparados os camiños principais e logo se desenvolverían os secundarios, a realidade é que á veciñanza continúa agardando polo remate destas infraestruturas máis dun lustro despois. Contrasta, esta lentitude no desenvolvemento das obras, cunha concentración parcelaria que se cualificou no seu momento coma de utilidade pública, interese social e urxente execución polo decreto 207/2008 do 4 de setembro, visibilizándose deste xeito a problema real que reside na estrutura territorial, cuxo atraso a fai, en moitos casos innecesaria no momento no que está rematada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comezar coas obras necesarias para a mellora dos camiños principais e remate dos secundarios para a parcelaria Val de Camba no primeiro trimestre de 2026, rematando estas infraestruturas coa maior celeridade posible.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 01/12/2025 11:57:10

Secundino Fernández Fernández na data 01/12/2025 11:57:27

Luis Bará Torres na data 01/12/2025 11:57:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 11:58:34
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 01/12/2025 11:58:34.553

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 11:58:34
Nº Rexistro: 39812
Data envío: 01/12/2025 11:58:34.553

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 11:58:35

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

Asinado o día 01/12/2025
Por Secundino Fernández
Por Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa á Peste Porcina Africana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa recente notificación por parte de Cataluña de casos de Peste Porcina Africana e debido a que esta enfermidade vírica posúe un carácter altamente contaxioso, o sector do porcino na totalidade do estado amosa actualmente grande preocupación. Os animais afectados, xabaríns neste caso, foron atopados mortos esta pasada semana, aumentando o número de diagnosticados como positivos co paso dos días de xeito alarmante, mais que non sorprende se analizamos que a mortalidade ocasionada pola PPA é moi alta no caso dalgunhas cepas do virus, cunha morbilidade que roza o 100%, co que isto implicaría no sector galego de producirse o contaxio aos animais domésticos.

Estamos a falar dunha enfermidade de declaración obrigatoria segundo o RD 779/2023, característica que implica que se notificarán de xeito inmediato os casos positivos detectados de seren confirmados en laboratorio, como sucedeu cos xabaríns que se atoparon mortos o 26 deste pasado novembro e que supuxeron a chegada da PPA ao Estado español, que non a sufría dende 1994. Unha vez activado o manual práctico de operacións de loita contra a enfermidade este fito supón a delimitación da zona infectada, a busca activa e a eliminación baixo control oficial dos cadáveres dos xabaríns, coa prohibición da caza para evitar o movemento destes animais. A maiores implántase neste caso o reforzo e vixilancia pasiva, as medidas de bioseguridade nas explotacións e as

Asinado o día 01/12/2025 ás
13:29
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 01/12/2025 ás
13:28
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

restricións de actividades non esenciais co obxecto de controlar e erradicar o antes posible o gromo da enfermidade sen que continúe avanzando.

No caso particular do sector porcino galego, temos algo máis de 1200 explotacións dedicadas á cría de cebo e de nais, cunha xeración de emprego de máis de 2000 postos de traballo directos e unha clara intensificación nas últimas décadas, aínda que quedan máis de 1000 explotacións destinadas ao autoconsumo. Somos a comunidade do estado que máis cebo produce cun aumento do 7,6% entre o 2016 e o 2021, onde as ganderías que destinan os seus animais a sacrificio acadan practicamente o 90% das existentes, erguéndonos co maior aumento de explotacións nos últimos anos de xeito sostido. Non entanto, o reparto territorial é variable, sendo Lugo quen ostenta a maior cantidade de explotacións, seguida de Pontevedra e A Coruña, con Ourense á cola no número de granxas desta especie.

O sector porcino galego representa o 4% da produción estatal, co que iso implica economicamente, superando os 720 millóns de euros anuais de facturación directa. É, polo tanto, unha parte do sector primario moi importante no noso país e que merece da protección necesaria para que, no caso da PPA e no doutras enfermidades que poden chegar ao país ou xa están nel, non ameacen as nosas producións ou as nosas exportacións. Este feito ameaza claramente o noso mercado, podendo chegar a colapsar a cadea coa saturación dos matadoiros, feito que suporía un duro golpe a nivel de prezos da carne.

Dado o elevado risco de transmisión da enfermidade e a súa posible chegada, as medidas preventivas deben ser primordiais neste momento, máis aínda cando recentemente se veñen declarando en Galiza zonas de emerxencia cinexética polo elevado número de exemplares de xabarín presentes. Isto, que xa trae aparelado un risco en canto aos accidentes de tráfico ocasionados por parte destes súidos, tamén implica un grave risco en canto á transmisión de enfermidades. Entre elas destacan a que nos ocupa na actualidade, a Peste Porcina Africana, mais tamén a enfermidade de Aujeszky, a febre





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

aftosa, a peste porcina clásica e outras. É imprescindible tomar medidas ao respecto por parte da Consellería de Medio Rural que protexan tanto aos nosos animais coma aos nosos produtores/as.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un plan de xestión do xabarán con medidas integrais baseadas en criterios científicos e técnicos e un orzamento mantido no tempo que permita controlar a poboación deste suído no país, coas problemáticas asociadas a esta e o control das enfermidades que pode transmitir.

2. Levar a cabo un control exhaustivo por parte da Xunta de Galiza no caso das especies silvestres susceptibles de ser contaxiadas e transmisoras de enfermidades, con tomas de mostras máis estendidas para a análise destes animais e a detección precoz de afectados entre eles que permita responder de xeito rápido, levando a cabo unha vixilancia efectiva, que nos garantan ter unha valoración real sobre a situación do país.

3. Levar a cabo campañas informativas para a concienciación tanto dos produtores coma do resto da poboación, trasladando as problemáticas derivadas do contaxio das enfermidades no noso sector porcino e os seus posibles efectos, con información oficial e fiable que evite o alarmismo e afecte negativamente ás nosas producións e consumo.

4. Revisar os plans de continxencia e activar as medidas preventivas necesarias fronte a un posible gromo de PPA, favorecendo unha resposta rápida ante a posible entrada da enfermidade vírica no noso país e minimizando o impacto na nosa sanidade animal e economía.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Solicitar a territorialización do gromo de PPA con vistas a que as exportacións do sector porcino galego non se vexan afectadas co resto do estado en canto á súa exportación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 01/12/2025 13:28:49

Sonia Vidal Lamas na data 01/12/2025 13:29:00

Secundino Fernández Fernández na data 01/12/2025 13:29:09

Luis Bará Torres na data 01/12/2025 13:29:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 13:35:07

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:35
Nº Rexistro: 39900
Data envío: 01/12/2025 17:40:35.475

Asinado o día 01/12/25
17:38
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

O sistema de prevención e extinción de incendios forestais en España está sustentado nunha arquitectura normativa estatal que garante a coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas, e que resulta especialmente relevante para territorios de alto risco como Galicia.

Desde 1994, coa creación da Comisión Nacional de Protección da Natureza, púxose en marcha o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), órgano esencial para a cooperación técnica e operativa entre administracións. Este marco foi posteriormente reforzado polo Real decreto 1424/2008, que determinou a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e consolidou ao CLIF como o espazo de coordinación nacional dos medios terrestres, aéreos e de comunicación na loita contra o lume.

Posteriormente, o Real decreto 893/2013 aprobou a Directriz básica de planificación de Protección Civil para emerxencias por incendios forestais, establecendo principios comúns de planificación en todo o Estado. No ano 2014, o Plan Estatal de Protección Civil ampliou as ferramentas de coordinación interadministrativa, reforzando o papel das comunidades autónomas no desenvolvemento dos seus dispositivos propios.

Asinado o día 01/12/2025 ás
17:38
Por Lara Méndez López

Asinado o día 01/12/2025 ás
17:38
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141104

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:35
Nº Rexistro: 39900
Data envío: 01/12/2025 17:40:35,475

O salto cualitativo produciuse en 2022 coa aprobación do Real decreto-lei 15/2022, que introduciu reformas estruturais na Lei de montes e que fixou obrigas claras ás comunidades autónomas. Entre elas destaca a modificación do artigo 48 da Lei de montes, que establece que os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción deben ser aprobados e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente, co fin de garantir unha planificación anticipada, unha coordinación adecuada e unha distribución eficiente dos recursos.

No mesmo ano, a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou as “Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España”, elaboradas polo CLIF, que insisten en que estes plans anuais deben actuar como instrumentos vertebradores das políticas territoriais e forestais. Estas orientacións establecen liñas prioritarias como integrar o risco de incendios na planificación urbanística, actualizar os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e desenvolver mecanismos de participación activa como as Mesas do Lume.

No ano 2025, o Real decreto 716/2025 incorporou estas orientacións ao dereito positivo, aprobando as directrices e criterios comúns dos plans anuais autonómicos. Estas directrices non son recomendacións: son criterios obrigatorios que deben ser incorporados polos plans autonómicos. Entre eles están a integración do lume na planificación territorial, o reforzo da prevención desde a protección civil, a adaptación dos dispositivos aos incendios de alta intensidade, a formación continua do persoal, a resiliencia das masas forestais e a participación activa dos sectores implicados.

A aprobación e publicación en prazo do plan anual non é só unha obriga legal: é unha condición previa para que o dispositivo galego poida funcionar con eficacia. A falta de publicación en prazo supón atrasos na contratación, debilita

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141105

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:35
Nº Rexistro: 39900
Data envío: 01/12/2025 17:40:35,475

a coordinación interadministrativa, impide á cidadanía coñecer as medidas aplicadas e dificulta a planificación operativa de todo o sistema.

Galicia leva anos incumprindo sistematicamente esta obriga, o que evidencia un déficit de planificación e unha desconexión preocupante entre a Xunta e a normativa estatal vixente.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a aprobar e publicar antes do 31 de outubro de cada ano o Plan Anual de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais, cumprindo estritamente o establecido no Real decreto-lei 15/2022, na Lei de montes e nas directrices comúns do Real decreto 716/2025.

Parlamento de Galicia, 1 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141106

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/12/2025 17:38:04

Lara Méndez López na data 01/12/2025 17:38:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/12/2025 17:38:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:35
Nº Rexistro: 39900
Data envío: 01/12/2025 17:40:35,475

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:35
Nº Rexistro: 39900
Data envío: 01/12/2025 17:40:35,475

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 17:40:36

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ás medidas que vai poñer en marcha o Goberno galego para rematar coas irregularidades no cumprimento das obrigas legais dos servizos de VTC que operan nas cidades galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un bo funcionamento das diferentes modalidades de transporte público son fundamentais á hora de deseñar, planificar e por último acadar unha mobilidade áxil e útil para as usuarias e usuarios.

O transporte público debe cumprir un papel dinamizador, vertebrador e democratizador da nosa sociedade, tendo que ser recoñecido como un dereito dos galegos e galegas que a Xunta de Galiza debe garantir nas mellores condicións posíbeis.

Para este bo funcionamento é necesario que as administracións competentes tomen a serio esta tarefa, facendo un bo traballo de análise de necesidades, planificación e tamén control e inspección na execución deste servizo.

Asinado o día 01/12/2025 ás
18:04
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 01/12/2025 ás
18:04
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben o Plan de Transporte de Galiza deixa claro que esta é unha materia pendente no que ten que ver co servizo de transporte público por estrada, nos autobuses escolares e interurbanos, nos últimos tempos estamos presenciando como o sector do taxi cada vez ten máis dificultades mentres que as empresas que prestan servizos de VTC están entrando con forza no sector.

Unha das últimas problemáticas importantes no sector do taxi é o abuso que existe por parte das empresas aseguradoras á hora de asegurar os vehículos destinados ao taxi, cobrando cifras desorbitadas para cubrir as obrigas legais que este tipo de vehículos deben cumprir en canto ás coberturas dos seus seguros.

A Xunta de Galiza, lonxe de atallar a situación e traballar na raíz do problema, estableceu a mediados de 2025 unha liña de axudas destinadas a paliar temporalmente esta situación, que se ben poden ser necesarias e útiles nun momento determinado, non rematar co problema nin a medio nin a longo prazo.

Desgraciadamente, as competencias da Xunta de Galiza en canto ao control e inspección dos servizos de VTC non están a ser exercidas, xa que existen múltiples irregularidades que están a favorecer ás VTC en detrimento do sector do taxi, cada vez máis afogado por estes novos competidores.

Algúns exemplos disto é o non cumprimento das coberturas legais nos seguros de VTC, o cal significa moito menos gasto que no caso do taxi ou a falta de control sobre o propio funcionamento destes servizos, os cales segundo a normativa non poden ofrecer os seus servizos nin realizar traxectos urbanos. Todo isto implica un agravio comparativo, unha competencia desleal e un





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento irregular co que a Xunta de Galiza favorece ás empresas de VTC e prexudica profundamente ao sector do taxi.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar as medidas oportunas para rematar coas irregularidades no cumprimento das obrigas legais dos servizos de VTC que operan nas cidades galegas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/12/2025 18:04:04

Luis Bará Torres na data 01/12/2025 18:04:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 18:04:56
Nº Rexistro: 39906
Data envío: 01/12/2025 18:04:56.162

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 18:04:56
Nº Rexistro: 39906
Data envío: 01/12/2025 18:04:56.162

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 18:04:56

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 10:39:51
Nº Rexistro: 39968
Data envío: 02/12/2025 10:39:51.412

Asinado o día 02/12/2025
10:38
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Xosé Manuel Golpe Acuña, Montserrat Valcárcel Armesto, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre os novos episodios de turbidez da auga do río Eume augas abaixo do encoro da Capela.

Asinado o día 02/12/2025 ás
10:38
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Eume constitúe un dos principais tesouros naturais de Galicia, vertebrando as Fragas do Eume e aportando servizos ecolóxicos, sociais e económicos esenciais para a comarca. Nos últimos dous anos, viñéronse sucedendo episodios de turbidez anómala, de especial gravidade o acontecido o 27 de novembro de 2025, detectado polo Concello de Pontedeume, pola Policía Local e pola Confraría de Pescadores Virxe do Carme. Estes episodios de turbidez xeran alarma social, preocupación polo subministro de auga potable e ameaza ao medio ambiente fluvial e ao sector pesqueiro, especialmente ao banco marisqueiro local.

Convén recordar que durante o ano 2020 sucedeu un grave episodio semellante no que a poboación ficou varios días sen poder consumir auga da billa, e no cal a investigación da Xunta atopou responsabilidades vinculadas á explotación hidroeléctrica do encoro do Eume. Este feito conlevou sancións importantes para a empresa concesionaria, evidenciando a necesidade de controlar estritamente a xestión dos recursos fluviais.

Asinado o día 02/12/2025 ás
10:37
Por José Manuel Golpe Acuña

A reiteración destes episodios compromete a confianza dos habitantes, afecta negativamente á economía local, incrementa o risco para a biodiversidade das Fragas e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

pode incidir no estado das masas de auga de Galicia, que debe ser protexido conforme á Directiva Marco da Auga da UE e á lexislación galega.

Por todo isto, torna urxente que o Parlamento de Galicia impulse unha acción política coordinada e eficaz, garantindo a vixilancia, control, transparencia e apoio aos afectados, e previndo futuros episodios que comprometan o benestar social e ambiental.

E por último hai que indicar que, os concellos de Pontedeume e Cabanas contan con cadansúa captación de auga de consumo augas abaixo do encoro da Capela.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Realizar unha investigación e unha auditoría independente, coa colaboración do sistema universitario galego, sobre a contaminación do río Eume entre o encoro da Ribeira, no concello das Pontes e a desembocadura do río, que inclúa:
 - A análise e caracterización exhaustiva dos sedimentos depositados no leito do río que quedaron ao descuberto como consecuencia da forte baixada do nivel das augas do encoro da Capela;
 - a análise e caracterización dos escoamentos e lixiviados nestas zonas de acumulación de depósitos;
 - a análise e caracterización dos lodos e sedimentos acumulados no fondo da presa, e os seus riscos potenciais para o medio e a saúde;





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- o estudo e seguimento da posíbel afección aos bancos marisqueiros e aos recursos pesqueiros do río e da ría;
- outros impactos sobre o leito e a bacía do Eume, provocados por infraestruturas, obras, actividades industriais, verteduras, alteracións no terreo e na vexetación, etc.

2. Como consecuencia da anterior auditoría, desenvolver un Plan plurianual de mellora, descontaminación, recuperación ambiental, rexeneración e dinamización do río Eume e a súa bacía, contando tanto para a súa elaboración como para o desenvolvemento do mesmo coa participación da Deputación da Coruña e dos concellos, e esixindo á empresa ENDESA a responsabilidade derivada dos impactos negativos sobre o río da súa actividade industrial contaminante e da xestión da presa e da central hidroeléctrica.”

3. Solicitar que se realice unha investigación exhaustiva e independente sobre as causas do episodio de turbidez detectado en novembro de 2025, incluíndo a posibilidade de convocar comisións técnicas ou parlamentarias específicas, e garantir que os resultados sexan presentados ante este Parlamento e difundidos nos medios electrónicos da consellería de Medio Ambiente.

3. Proponer á Xunta de Galicia que impulse a creación dun protocolo de resposta ante episodios de contaminación fluvial, que contemple a colaboración co sector pesqueiro, concellos afectados e o conxunto de administracións con competencias na xestión da auga, así como medidas correctivas e preventivas.

4. Demandar que se reforcen as axudas públicas para a rexeneración dos bancos marisqueiros de Pontedeume e outros afectados polas alteracións ambientais do Eume, garantindo compensación económica polos danos sufridos e o apoio técnico necesario ás confrarías.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Requerir que se revisen as condicións de explotación dos encoros e infraestruturas hidroeléctricas do Eume, con especial atención ás autorizaciónes e ao cumprimento estrito dos requisitos ambientais, priorizando sempre a saúde pública e a conservación do ecosistema.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 02/12/2025 10:37:52

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/12/2025 10:38:00

Luis Bará Torres na data 02/12/2025 10:38:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/12/2025 10:38:15



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 10:39:51
Nº Rexistro: 39968
Data envío: 02/12/2025 10:39:51.412

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 10:39:52

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as obras previstas pola Xunta de Galiza na residencia de maiores das Gándaras no concello de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vai acometer obras de remodelación para a implantación dun novo modelo residencial na residencia de maiores As Gándaras (Lugo). Unhas obras que foron adxudicadas no mes de novembro e que prevén un prazo de execución de 16 meses.

O pasado 29 de novembro medio centro de persoas usuarias desta residencia concentráronse ás portas do centro para denunciar a falta de diálogo coas persoas usuarias e a perda de intimidade que suporá, segundo elas, de levarse a cabo a obra nos termos previstos.

Segundo trasladaron aos medios de comunicación, as usuarias e usuarios das Gándaras afirman que só haberá habitacións compartidas (duplas), formadas por camas separadas só por unha mesiña de noite.

Así mesmo, aseguran que non se ten en conta as súas preferencias nin sequera a súa opinión na reorganización de espazos que se levou a cabo para iniciar as obras.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a Xunta de Galiza ten a obriga de dialogar coas usuarias e usuarios da residencia das Gándaras porque é o seu domicilio.

Asinado o día 02/12/2025 ás
12:31
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 02/12/2025 ás
12:30
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir un espazo de diálogo coas usuarias/os da residencia das Gándaras a respecto das ibras de remodelación previstas neste centro co obxectivo de escoitar as súas opinións e preferencias ao respecto.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2025 12:30:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/12/2025 12:31:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 12:31:48
Nº Rexistro: 39981
Data envío: 02/12/2025 12:31:48,133

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 12:31:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 12:31:48
Nº Rexistro: 39981
Data envío: 02/12/2025 12:31:48,133

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 02/12/2025 ás 15:39
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, relativa á falta de contestación e de transparencia da Xunta de Galiza sobre a data ou datas exactas nas que trasladou ao goberno do Estado erros nos dispositivos telemáticos de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Asinado o día 02/12/2025 ás 15:39
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un problema de máxima importancia política e as institucións temos a obriga de fiscalizar o funcionamento dos mecanismos existentes para o seu combate. É por iso que en novembro de 2024 o BNG preguntou, sen resposta, á Conselleira de Política Social e Igualdade sobre os problemas respecto de COMETA dos que o Bloque Nacionalista Galego tiña coñecemento e sobre as demandas que trasladara ou ía trasladar ao respecto. É por iso que ante o coñecemento de distintos fallos no sistema COMETA na posterior posta en marcha da nova concesión o BNG impulsou iniciativas de distinta índole nas diferentes institucións.

Coñecido no mes de setembro de 2025 informacións a través da Memoria da Fiscalía de 2024 que confirmaban consecuencias graves e negativas, o Grupo Parlamentario do BNG rexistrou iniciativas para fiscalizar de que maneira e en que momentos a Xunta tivo coñecemento destas problemáticas, toda vez que se coñece que distintas fontes xudiciais puxeran en coñecemento das institucións esta cuestión.

Asinado o día 02/12/2025 ás 15:39
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Porén, como vén sendo habitual, o goberno galego remitiu unha “non resposta” na que respondía unha soa das preguntas formuladas e se parapetaba no pronunciamento, serodio, do Observatorio Galego, que nin sequera se reunira para tal efecto até que este Grupo Parlamentario preguntou por escrito se había algunha valoración e alguén no goberno galego debeu reparar en que tiña un organismo que podía convocar e consultar.

O BNG manifestou na súa nova iniciativa compartir a preocupación e medidas que pedía o Observatorio mais insistiu en solicitar a información que pedía novamente.

Unha vez máis, o goberno da Xunta, demostrando a súa falta de respecto ao Parlamento galego e ao problema máis importante da vida das mulleres, que é a violencia machista, volveu remitir unha “non resposta” remitindo ao acordo do Observatorio que se sinalaba na propia pregunta sen sequera molestarse en corrixir os erros de lingua que se sinalaban, nunha resposta ridícula na que alterna galego e castelán sen pasar sequera un corrector e impropia dunha administración respectable.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego ista a Xunta de Galiza arespectar as súas obrigas de transparencia democrática recollidas no Regulamento da Cámara e contestar as preguntas literais que lle foron formuladas respecto do seu coñecemento dos fallos das pulseiras de control telemático e a forma ou formas en que trasladou ao goberno central e deixar, polo tanto, de obstaculizar o labor da oposición.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2025 15:39:44

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2025 15:39:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/12/2025 15:39:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39990
Data envío: 02/12/2025 15:41:33,986

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 15:41:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39990
Data envío: 02/12/2025 15:41:33,986

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 02/12/2025 16:24:26.333

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:21
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García e Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de establecer unha estratexia nos centros educativos para a protección das menores nos entornos dixitais, consensuada con todos os axentes sociais e institucionais implicados.

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:21
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro foi presentado o informe de Unicef sobre o impacto da tecnoloxía na infancia e adolescencia, con datos en clave estatal.

O estudo está realizado con escolares de idades comprendidas entre os 10 e 20 anos, que cursen 5º e 6º de Primaria, ESO, Bacharelato, FP Básica ou Ciclos Formativos de Grado Medio en centros públicos, privados ou concertados (Mostra de aprox. 93.153 estudantes, que foi depurada ata 75.329).

Alumnado entre 10 e 20 anos, de Primaria, o 58,4% ESO, o 11,5% Bacharelato e o 3,2% restante Formación Profesional. O 49,4% eran mozos, o 48,8% mozas e o 1,8% non respondeu cando se lles preguntou polo seu sexo biolóxico.

A recollida de datos realizouse entre novembro de 2024 e xuño de 2025 mediante un cuestionario online implementado en LimeSurvey e aloxado nun servidor do Centro de Supercomputación da Galiza. O alumnado cumplimentou o cuestionario nas propias aulas dos centros baixo a supervisión do persoal docente, previo consentimento dos seus pais ou titores legais. Foi informado dos obxectivos do estudo, así como do anonimato e a confidencialidade das súas respostas. Para estandarizar o procedemento de recollida de

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:21
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

datos, facilitar a maior participación posible e resolver eventuais dúbidas, elaborouse un Manual de Procedemento, dispoñible tamén en diferentes linguas.

O estudo presenta unhas conclusións moi interesantes, pero de vez preocupantes:

1.- A presenza dos dispositivos dixitais no día a día de nenos, nenas e adolescentes é evidente. O 82,4% dispón de móbil propio, ao que acceden de media aos 10,8 anos. Estando rexistrados o 92,5% nunha rede social ou máis.

2.- Constatouse que o uso das pantallas conleva unha serie de riscos evidentes: prevalencia de sexting ou sexting pasivo, presións para enviar fotos propias de carácter erótico o sexual ou chantaxes e intentos de extorsión. O 5,7% dos menores de 16 anos refire ter recibido propostas sexuais por parte de adultos a través de Internet.

3.- Os videoxogos son unha das principais formas de ocio na infancia e adolescencia. O 53,5% do alumnado xoga ao menos unha vez á semana e un de cada 5 todos ou case todos os días. Unha parte destina, amais, cartos aos videoxogos, a compras ou descargas, a mercar skins, xemas, cartas ou xogadores. O 70,2% dos xogadores consume contidos violentos con prevalencias maiores de ciberacoso ou acoso escolar.

4.- 1 de cada 10 adolescentes de menos de 18 anos refire ter xogado cartos ou apostado algunha vez de forma presencial ou online.

5.- Compróbase que este tipo de adicións ou usos problemáticos soen estar asociados con problemas a nivel emocional e unha peor calidade de vida, reflectíndose en maiores niveis de ansiedade, depresión, somatización e, incluso, de risco suicida. Este alumnado tende a presentar unha peor saúde mental. Os datos revelan que o 14,2% dos adolescentes presentan síntomas de malestar emocional, o 13,1% síntomas depresivos e o 7,4% risco suicida elevado.



6.- O 10,1% dos e das adolescentes consume pornografía de forma habitual, o acceso a este tipo de contidos prodúcese a idades moi temperás, e a prevalencia dun posible consumo problemático é elevada (un de cada cinco).

7.- Sobre a convivencia familiar, no 15,2% dos fogares detéctase algunha acción de violencia cara algún dos proxenitores e en canto á convivencia escolar hai unha prevalencia do 25% de vitimización escolar e un 8,3% a de cibervitimización, cunha notable afectación a nivel emocional entre quenes a sofren.

8.- O 31,3% do alumnado que ten ou tivo parella refire ter sufrido algunha manifestación de violencia frecuente, xeralmente condutas de control das amizades nas redes sociais, utilización de dispositivos dixitais para controlar onde e con quen están en cada momento ou a revisión non consentida do teléfono móbil.

9.- Queda de manifesto nos resultados a diferenza por idade, pero sobre todo por xénero. A maneira en que mozos e mozas se relacionan no entorno dixital é distinto, con riscos e patróns tamén diferentes, por iso é preciso adaptar o enfoque á hora do deseño de elaborar políticas preventivas.

10.- Finalmente, resulta necesario abordar o uso dixital na infancia e adolescencia de xeito integral e comunitario e, sobre todo, tendo en conta sempre o punto de vista e o sentir das e dos adolescentes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1.- Abordar o uso da tecnoloxía dende o punto de vista da infancia e adolescencia de xeito integral e comunitario, incluíndo ao resto de sectores afectados, a todas as institucións e tendo en conta o punto de vista e o sentir das adolescentes.

2.- Impulsar a colaboración entre os centros educativos, as familias e servizos sociais para impulsar a mediación parental con estratexias de supervisión, acompañamento e orientación, pero tamén establecendo normas, límites e controis de seguridade. Establecer para elo, unha Escola de Pais e Nais, co obxectivo de informar, formar, facer seguimento e dar apoio ás familias sobre os perigos do uso por parte do alumnado galego das novas tecnoloxías e redes sociais, para previr problemas de seguridade das persoas usuarias.

3.- Impulsar unha campaña de sensibilización nos centros educativos, entre o alumnado e as súas familias, que poña en evidencia os riscos do uso das tecnoloxías e redes sociais, así como as súas consecuencias no ámbito escolar, familiar, das amizades, na relación social... e así fomentar a participación nas distintas estratexias en marcha.

4.- Establecer indicadores que permitan valorar os resultados desta formación e sensibilización nos centros escolares coas familias e alumnado a medio e longo prazo.

5.- Incluír no currículo escolar, nas etapas obrigatorias, a materia de Educación Sexual Integral, tal e como recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS), implicando aos centros de ensino e a profesionais específicos no desenvolvemento do contido. Dotar da formación necesaria ao profesorado para impartir a materia e organizar actividades sobre o tema co alumnado e as súas familias.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/12/2025 16:21:29

Ariadna Fernández González na data 02/12/2025 16:21:37

Daniel Castro García na data 02/12/2025 16:21:44

Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2025 16:21:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 02/12/2025 16:24:26.333

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 02/12/2025 16:24:26.333

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 16:24:27

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:40
Nº Rexistro: 40012
Data envío: 02/12/2025 16:50:40,561

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:48
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Silvia Longueira Castro, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É xa un unha realidade manifesta a ineficacia e mala xestión do transporte en Galicia. Unha realidade que contrasta de xeito teimudo con esa “lei de impulso demográfico” que pretende asentar a poboación ao territorio e que o que supón é unha fuxida das intencións de morar nunha vila ou cabeceira de comarca que está destinada a un “sálvese quen poida”.

O caso da vila de Betanzos é unha singularidade que se está a replicar noutras vilas galegas. Neste caso unha cabeceira de comarca, con máis de 13.000 habitantes, chamada a recoller poboación procedente non só do eido rural que o circunda, senón tamén da cidade da Coruña.

O fluxo diario de persoas que se desprazan entre A Coruña e Betanzos, vai en aumento. O último cómputo ofrece o dato de 2.771 desprazamentos externos diarios. O que significa que non están contabilizados os desprazamentos de ida e volta e mesmo o número de persoas que viaxan en vehículo particular, co cal o número sería moito maior.

Ademais de “descabalgar” os horarios que estaban establecidos coa cidade da Coruña, con unha periodicidade e liñas concretas, os usuarios que de habitude empregan o transporte público entre ambas poboacións atópanse con cambios

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:48
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:47
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141134

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:40
Nº Rexistro: 40012
Data envío: 02/12/2025 16:50:40.561

constantes ao chegar ás paradas de autobús. Desde cambios de última hora, demoras de máis de 20 minutos así como autobuses que ao encherse as prazas deixan en terra a un bo número de pasaxeiros que non teñen outra opción para achegarse ao seu traballo. Tendo en contas, ademais, que os pasaxes en moitos casos, xa están comprados.

Nas últimas semanas, estes incidentes sucédense con unha frecuencia inusitada, algo que ven acontecendo en modo de escalada sen freo. Cada vez hai máis persoas que teñen que arranxarse para mudar o seu medio de transporte para acudir ao traballo e que se atopan con incidencias como as xa mencionadas sen poder facer nada ao respecto.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Inspeccionar ás incidencias da liña de autobuses A Coruña – Betanzos, dando conta a esta cámara, no prazo dun mes, dos retrasos e anulacións de servicios de transporte.
2. Repoñer de inmediato as frecuencias de autobús da liña A Coruña – Betanzos nos tramo horario de maior frecuencia para acudir e retornar ao traballo entre ambas poboacións.

Santiago de Compostela, a 2 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141135

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/12/2025 16:47:55

Carlos López Font na data 02/12/2025 16:48:01

Aitor Bouza Manso na data 02/12/2025 16:48:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/12/2025 16:48:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:40
Nº Rexistro: 40012
Data envío: 02/12/2025 16:50:40.561

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:40
Nº Rexistro: 40012
Data envío: 02/12/2025 16:50:40.561

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 16:50:41

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 03/12/25
11:04
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a exclusión do galego na campaña “A BUEN PUERTO”.

Asinado o día 03/12/2025 ás
11:04
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de novembro, apareceu en varios medios de comunicación galegos un anuncio coa lenda A BUEN PUERTO, para promover as Xornadas Técnicas do Sector Pesqueiro de Celeiro. Esta campaña está en castelán, a pesar de que conta co financiamento da Xunta de Galiza, como indican os logotipos institucionais da propia Xunta e de Galicia Calidade ao pé do anuncio.

O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que “os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento”.

Alén disto, o artigo 4.3 da Lei de Normalización Lingüística establece que “os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

A exclusión da lingua galega desta campaña en medios de comunicación galegos supón un novo incumprimento da lexislación lingüística.

Asinado o día 03/12/2025 ás
11:04
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a retirar o seu apoio de toda campaña pública na que o uso do galego non sexa prioritario.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/12/2025 11:04:04

Mercedes Queixas Zas na data 03/12/2025 11:04:14

Daniel Castro García na data 03/12/2025 11:04:21

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2025 11:04:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 11:06:08
Nº Rexistro: 40041
Data envío: 03/12/2025 11:06:08,889

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 11:06:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 11:06:08
Nº Rexistro: 40041
Data envío: 03/12/2025 11:06:08,889

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:13:39
Nº Rexistro: 40090
Data envío: 03/12/2025 12:13:39.386

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:12
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á negociación aberta por Recursos de Galiza e Acciona para a compravenda de parques eólicos no país.

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:12
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2025, foi revelada a través dos medios de comunicación unha negociación entre Recursos de Galiza (RdG), sociedade mixta liderada pola Xunta de Galiza, e Acciona Enerxía para a compravenda de 26 parques eólicos en Galiza, con 550 megavatios (MW) de potencia instalada, por un prezo indicativo de aproximadamente 700 millóns de euros.

Esta operación presenta características que merecen unha análise crítica máis alá do aspecto meramente comercial, na medida en que:

Significa o primeiro grande investimento de RdG, constituída en 2023 como instrumento de política pública da Xunta de Galiza para canalizar beneficios dos recursos naturais cara ao territorio.

Revela contradicións na aplicación da Lei de promoción Beneficios Sociais e Económicos (Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza), aprobada en 2024.

Expón a RdG a riscos financeiros e reputacionais significativos, incluíndo a transferencia de custos de repotenciación estimados en 600 millóns de euros.

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:11
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cuestiona o modelo de goberno corporativo de RdG e a súa aliñación cos obxectivos fundacionais de maximizar o beneficio social e económico.

Levanta interrogantes sobre a viabilidade económica da operación en termos de valor entregado aos accionistas de RdG, e nomeadamente á Xunta de Galiza.

Recursos de Galiza foi constituída cunha participación pública do 30% para a Xunta de Galiza e co 70% restante distribuído entre 32 empresas galegas diversificadas, c o a intención explícita de garantir que o capital natural de Galiza xerara beneficios "para todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma".

Porén, a operación proposta non amosa mecanismos visibles de participación de pemes locais no capital dos parques adquiridos, contravindo o espírito da Lei de Beneficios.

Non contempla transferencia de beneficios aos concellos afectados máis alá dos impostos existentes. Non incorpora planos de creación de emprego cualificado local para a operación ou mantemento dos parques. Non articula modelos de autoconsumo para as comunidades locais, a pesar de ser unha das misións expresas de RdG segundo a Lei de Beneficios.

Os 26 parques eólicos de Acciona entraron en operación entre 1998 e 2005, o que significa que moitos deles xa superan ou están preto de superar os 25 anos de antigüidade, límite regulatorio establecido pola Xunta para obrigar a repotenciación.

A repotenciación destes parques está estimada en aproximadamente 600 millóns de euros segundo fontes do sector consultadas. Isto significa que o custo real de consolidación desta operación para RdG alcanzaría aproximadamente 1.300 millóns de euros (700 millóns de compra + 600 millóns de repotenciación), o que se traduce nun prezo implícito de 2,36 millóns de euros por megavatio.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ademais, o incerto panorama regulatorio — co Goberno de España tendo recorrido a normativa galega de repotenciación ante o Tribunal Constitucional — introduce risco regulatorio que Acciona evita

A negociación foi filtrada aos medios por fontes vinculadas a Acciona, co que non houbo debate público previo sobre a conveniencia estratéxica da operación, tampouco se solicitou parecer do Consello Económico e Social de Galiza sobre os beneficios sociais e económicos da operación, nin se celebrou control parlamentario sobre a operación proposta.

A operación de compravenda de 26 parques eólicos entre Recursos de Galiza e Acciona Enerxía, nas condicións actualmente negociadas, presenta riscos significativos de desvío do obxectivo fundacional de RdG de canalizar beneficios sociais e económicos ás comunidades locais, de incumprimento de disposicións da Lei de Beneficios Sociais e Económicos, de custo financeiro desfavorable para a Xunta de Galiza e Falta de transparencia e participación no proceso de toma de decisións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1º.- Antes de formalizar calquera acordo de compravenda de activos eólicos entre Recursos de Galiza e Acciona Enerxía, realizar e presentar ao Parlamento:

- a) Un informe técnico completo e independente que inclúa:
 - Análise detallado de viabilidade financeira da operación.
 - Estimación realista dos custos de repotenciación.
 - Análise de riscos regulatorios e técnicos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Comparativa con alternativas de inversión.
 - Impacto fiscal e patrimonial da operación.
- b) Un estudo de beneficios sociais e económicos conforme aos criterios da Lei de Beneficios Sociais e Económicos, que especifique:
- Mecanismos concretos de mellora das condicións de vida nos concellos afectados.
 - Plans de creación e mantemento de emprego cualificado local.
 - Modalidades de participación de investidores locais no capital dos parques.
 - Integración en modelos de autoconsumo local.
 - Compromiso de desenvolvemento de cadea de valor industrial galega.
- 2º.- Presentar un plan estratéxico plurianual de RdG que defina:
- Obxectivos cuantitativos de creación de emprego local.
 - Metas de participación de pemes no capital dos proxectos.
 - Indicadores e obxectivos de redución de custos enerxéticos en áreas rurais.
 - Indicadores de impacto social e económico local conforme á Lei de Beneficios.”
 -

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 03/12/2025 12:11:57

Luis Bará Torres na data 03/12/2025 12:12:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2025 12:12:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:13:39
Nº Rexistro: 40090
Data envío: 03/12/2025 12:13:39.386

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 12:13:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:13:39
Nº Rexistro: 40090
Data envío: 03/12/2025 12:13:39.386

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o uso da lingua galega no libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”, editado pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Mar editou o libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”. Este libro está dirixido ao público infantil e foi remitido polo goberno galego aos concellos para a súa divulgación nos centros de ensino.

O libro está escrito en galego, mais os nomes dos peixes están en castelán, co que isto implica para a calidade do libro en todos os sentidos, mais tamén no que ten que ver coa lexislación lingüística e coas obrigas deste goberno en relación con ela.

Lembramos, máis unha vez, que o Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 5 que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A Lei de normalización lingüística indica 6.3 do devandito texto legal establece que “os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.



Ademais, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado en 2004 por unanimidade no Parlamento Galego establece entre os seus obxectivos os de “fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego” e “promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega”, ademais de “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”.

A distribución nos centros de ensino de materiais que divulgan os nomes dos peixes en castelán resulta contraria a toda esta normativa que obriga o goberno galego, ademais de que, ao tratarse dun libro teoricamente en lingua galega (e tamén por estar editado e enviado polo goberno galego), sen dúbida xera confusión a respecto da corrección do seu contido e dos propios nomes dos peixes, co que tampouco resulta útil en termos didácticos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Retirar o libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro” debido á súa confusa redacción, xa que, a pesar de estar redactado en galego, os nomes dos peixes só figuran en castelán.
2. Tomar as medidas precisas para evitar que o goberno galego volva editar e distribuír material contrario á lexislación lingüística.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/12/2025 12:45:00

Mercedes Queixas Zas na data 03/12/2025 12:45:07

Daniel Castro García na data 03/12/2025 12:45:14

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2025 12:45:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:46:57
Nº Rexistro: 40120
Data envío: 03/12/2025 12:46:57,379

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 12:46:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:46:57
Nº Rexistro: 40120
Data envío: 03/12/2025 12:46:57,379

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:57:48
Nº Rexistro: 40167
Data envío: 03/12/2025 12:57:48.001

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:57
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e deputada **Daniel Castro García** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de incrementar o persoal de Audición e Linguaxe (AL) e Pedagogía Terapéutica (PT) no CEIP Plurilingüe de Covas (Viveiro).

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:57
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os gobernos do Partido Popular caracterizáronse por un continuo recorte do profesorado dos centros educativos do noso país. Ese recorte fíxose máis palpable no relacionado co persoal de PT e AL, algo aínda máis grave xa que estamos de falar de profesorado encargado de educar e coidar a alumnado con necesidades específicas.

Un exemplo desta realidade vémosto no CEIP Plurilingüe de Covas en Viveiro, xa que no presente curso 2025/2026 a porcentaxe de Alumnado con Necesidades Específicas de Atención Educativa (en adiante ACNEAE) é dun 22% do total dos 154 nenas e nenos matriculados no centro.

Mais o problema non é recente. Desde cursos anteriores o centro leva sufrindo un progresivo deterioro na atención ás necesidades de apoio educativo, demostrándose que, a pesar do constante esforzo do persoal co que conta o centro, este resulta claramente insuficiente.

Estamos a falar dunha situación totalmente insostible, xa que ao mesmo tempo que aumenta o ACNEAE, recórtase directamente unha profesional experta en Audición e Linguaxe (en adiante A.L) a tempo parcial, quedando só cunha A.L a media xornada (compartida con outro centro, o que implica que non pode realizar gardas etc).

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:57
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alén do dito, a propia Xunta de Galicia nomea á Pedagoga Terapéutica (en adiante P.T.) como directora do centro, cunha dedicación recoñecida de 7 horas semanais que non se cubre con ningún outro profesional.

O feito de que este centro teña unha porcentaxe moi elevada de ACNEAE, así coma de nenas e nenos en risco de exclusión social e con problemas crónicos de absentismo é un feito coñecido e recoñecido polas administracións públicas e esta particularidade fai que a aplicación dun catálogo xeral para decidir o persoal de apoio preciso sexa total e absolutamente improcedente.

Por esta razón, as nais e pais levan semanas manifestándose os venres contra a decisión do goberno galego de non aumentar o persoal de Audición e Linguaxe (AL) e Pedagogía Terapéutica (PT), mentres que o propio goberno segue gardando silencio.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1- Incorporar como mínimo e á maior brevidade unha profesional de Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo e unha profesional de Pedagogía Terapéutica (PT) a media xornada, destinada a cubrir as horas de dedicación da Dirección do centro.

2- Dar resposta coa maior brevidade posible á petición da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do CEIP Plurilingüe de Covas, dada a situación de emerxencia educativa na que se atopa o centro.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 03/12/2025 12:57:11

Cristina Fernández Davila na data 03/12/2025 12:57:19

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2025 12:57:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:57:48
Nº Rexistro: 40167
Data envío: 03/12/2025 12:57:48.001

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:57:48
Nº Rexistro: 40167
Data envío: 03/12/2025 12:57:48.001

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 12:57:48

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 03/12/25
13:08
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**.

Asinado o día 03/12/2025 ás
13:07
Por Ramón Fernández Alfonso

Exposición de motivos

Recentemente coñecía-se a Memoria anual 2024 respecto dos tribunais económico administrativos que publica o Ministerio de Facenda. Segundo os datos en Galiza terían entrado 14.959 casos e foron resoltos 17.810 sendo estimados 9.397. Aínda que a cifra de entrada é menor á dos tres anos anteriores, cabe sinalar que en comparación co resto do Estado o noso país é a segunda comunidade na que máis pleitos tributarios.

Desde o punto de vista cuantitativo, recóllese no informe que o maior número de reclamacións presentadas correspóndelle aos Tribunais Económico-Administrativos de Andalucía, Cataluña, Galiza, Madrid e Valencia.

Entre os conceptos reclamados, como é de agardar, o que máis queixas ten é o do IRPF, mais tamén salientan os impostos de transmisións e actos xurídicos documentados e mais o de sucesións e doazóns así como os propios actos do procedemento recadador.

Asinado o día 03/12/2025 ás
13:07
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A ATRIGA debe avaliar estes datos, en comparación tamén coas súas propias reclamacións, para así valorar que propostas de mellora impulsar

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a, a través da ATRIGA, elaborar un informe comparativo entre os seus propios datos e os do Estado respecto da litixiosidade en materia tributaria e as propostas de mellora necesarias para mellorar a comunicación co contribuínte, singularmente mellorando as ferramentas de apoio electrónico obsoletas, e reducir estes datos.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/12/2025 13:07:02

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2025 13:07:48

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2025 13:08:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:10:10
Nº Rexistro: 40175
Data envío: 03/12/2025 13:10:10.255

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:10:10
Nº Rexistro: 40175
Data envío: 03/12/2025 13:10:10.255

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 13:10:10

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 03/12/2025 ás 17:12
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta restituír a coidadora no CEIP Concepción Arenal da Coruña.

Asinado o día 03/12/2025 ás 17:12
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta segue a discriminar a comunidade educativa do CEIP Concepción Arenal da Coruña.

Após eliminar a comezos deste curso varias prazas de docentes especialistas no apoio ao alumnado máis vulnerábel, o de necesidades educativas especiais e de necesidades específicas de apoio educativo, ocasionando graves prexuízos ao alumnado que máis o precisa e comprometendo a igualdade e equidade no acceso á educación.

Sen ter atendidas as demandas do profesorado e das familias, pois a Xunta só cubriu unha praza de PT a tempo parcial, completamente insuficiente á vista do total do alumnado con algún tipo de necesidade educativa, agora volve a Xunta a actuar en contra precisamente deste alumnado.

Desde o pasado 28 de novembro, o goberno da Xunta mandou retirar unha coidadora que estaba incorporada no centro desde o comezo de curso, ficando este colexio cunha soa coidadora para atender o total do alumnos que até o de agora compartían as dúas profesionais.

Asinado o día 03/12/2025 ás 17:11
Por Mercedes Queixas Zas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o centro reconécese que este recorte dunha figura tan importante está a provocar unha importante diminución na calidade educativa e asistencial no alumnado máis necesitado, unha discriminación que a cidadanía non pode tolerar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:01
Nº Rexistro: 39899
Data envío: 01/12/2025 17:40:01.227

a coordinación interadministrativa, impide á cidadanía coñecer as medidas aplicadas e dificulta a planificación operativa de todo o sistema.

Galicia leva anos incumprindo sistematicamente esta obriga, o que evidencia un déficit de planificación e unha desconexión preocupante entre a Xunta e a normativa estatal vixente.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que explicación ofrece o Goberno galego para non aprobar e publicar no prazo legal —antes do 31 de outubro— o Plan Anual de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais conforme ás obrigas do Real decreto-lei 15/2022 e do Real decreto 716/2025?

Parlamento de Galicia, 1 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141206

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/12/2025 17:37:45

Lara Méndez López na data 01/12/2025 17:37:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:01
Nº Rexistro: 39899
Data envío: 01/12/2025 17:40:01.227

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:40:01
Nº Rexistro: 39899
Data envío: 01/12/2025 17:40:01.227

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 17:40:02

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 18:04:40
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 01/12/2025 18:04:40,384

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas que vai poñer en marcha o Goberno galego para rematar coas irregularidades no cumprimento das obrigas legais dos servizos de VTC que operan nas cidades galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un bo funcionamento das diferentes modalidades de transporte público son fundamentais á hora de deseñar, planificar e por último acadar unha mobilidade áxil e útil para as usuarias e usuarios.

O transporte público debe cumprir un papel dinamizador, vertebrador e democratizador da nosa sociedade, tendo que ser recoñecido como un dereito dos galegos e galegas que a Xunta de Galiza debe garantir nas mellores condicións posíbeis.

Para este bo funcionamento é necesario que as administracións competentes tomen a serio esta tarefa, facendo un bo traballo de análise de necesidades, planificación e tamén control e inspección na execución deste servizo.

Se ben o Plan de Transporte de Galiza deixa claro que esta é unha materia pendente no que ten que ver co servizo de transporte público por estrada, nos autobuses escolares e interurbanos, nos últimos tempos estamos presenciando como o sector do taxi cada vez ten máis dificultades mentres que as empresas que prestan servizos de VTC están entrando con forza no sector.

Unha das últimas problemáticas importantes no sector do taxi é o abuso que existe por parte das empresas aseguradoras á hora de asegurar os vehículos destinados

Asinado o día 01/12/2025 ás
18:03
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 01/12/2025 ás
18:03
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 18:04:40
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 01/12/2025 18:04:40,384

ao taxi, cobrando cifras desorbitadas para cubrir as obrigas legais que este tipo de vehículos deben cumprir en canto ás coberturas dos seus seguros.

A Xunta de Galiza, lonxe de atallar a situación e traballar na raíz do problema, estableceu a mediados de 2025 unha liña de axudas destinadas a paliar temporalmente esta situación, que se ben poden ser necesarias e útiles nun momento determinado, non rematar co problema nin a medio nin a longo prazo.

Desgraciadamente, as competencias da Xunta de Galiza en canto ao control e inspección dos servizos de VTC non están a ser exercidas, xa que existen múltiples irregularidades que están a favorecer ás VTC en detrimento do sector do taxi, cada vez máis afogado por estes novos competidores.

Algúns exemplos disto é o non cumprimento das coberturas legais nos seguros de VTC, o cal significa moito menos gasto que no caso do taxi ou a falta de control sobre o propio funcionamento destes servizos, os cales segundo a normativa non poden ofrecer os seus servizos nin realizar traxectos urbanos. Todo isto implica un agravio comparativo, unha competencia desleal e un funcionamento irregular co que a Xunta de Galiza favorece ás empresas de VTC e prexudica profundamente ao sector do taxi.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza ante as irregularidades no cumprimento das obrigas e deberes dos servizos de VTC en Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/12/2025 18:03:50

Luis Bará Torres na data 01/12/2025 18:03:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 18:04:40
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 01/12/2025 18:04:40,384

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 18:04:40
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 01/12/2025 18:04:40,384

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 18:04:41

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Montserrat Valcárcel Armesto, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os novos episodios de turbidez da auga do río Eume augas abaixo do encoro da Capela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Eume constitúe un dos principais tesouros naturais de Galicia, vertebrando as Fragas do Eume e aportando servizos ecolóxicos, sociais e económicos esenciais para a comarca. Nos últimos dous anos, viñéronse sucedendo episodios de turbidez anómala, de especial gravidade o acontecido o 27 de novembro de 2025, detectado polo Concello de Pontedeume, pola Policía Local e pola Confraría de Pescadores Virxe do Carme. Estes episodios de turbidez xeran alarma social, preocupación polo subministro de auga potable e ameaza ao medio ambiente fluvial e ao sector pesqueiro, especialmente ao banco marisqueiro local.

Convén recordar que durante o ano 2020 sucedeu un grave episodio semellante no que a poboación ficou varios días sen poder consumir auga da billa, e no cal a investigación da Xunta atopou responsabilidades vinculadas á explotación hidroeléctrica do encoro do Eume. Este feito conlevou sancións importantes para a empresa concesionaria, evidenciando a necesidade de controlar estritamente a xestión dos recursos fluviais.

A reiteración destes episodios compromete a confianza dos habitantes, afecta negativamente á economía local, incrementa o risco para a biodiversidade das Fragas e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

pode incidir no estado das masas de auga de Galicia, que debe ser protexido conforme á Directiva Marco da Auga da UE e á lexislación galega.

Por todo isto, torna urxente que o Parlamento de Galicia impulse unha acción política coordinada e eficaz, garantindo a vixilancia, control, transparencia e apoio aos afectados, e previndo futuros episodios que comprometan o benestar social e ambiental.

E por último hai que indicar que, os concellos de Pontedeume e Cabanas contan con cadansúa captación de auga de consumo augas abaixo do encoro da Capela.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas tomará a Xunta de Galiza para garantir a calidade do auga do río Eume na súa totalidade; das captacións de auga de consumo humano que existen no mesmo, do efecto que ten esta calidade no parque natural das Fragas do Eume e sobre da súa desembocadura e as afeccións que o río ten sobre o banco marisqueiro do esteiro do río?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 02/12/2025 10:38:32

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/12/2025 10:38:42

Luis Bará Torres na data 02/12/2025 10:39:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/12/2025 10:39:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 10:40:25
Nº Rexistro: 39970
Data envío: 02/12/2025 10:40:25.275

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 10:40:25
Nº Rexistro: 39970
Data envío: 02/12/2025 10:40:25.275

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 10:40:26

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39992
Data envío: 02/12/2025 15:42:12.612

Asinado o día 02/12/25
15:40
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á falta de contestación e de transparencia da Xunta de Galiza sobre a data ou datas exactas nas que trasladou ao goberno do Estado erros nos dispositivos telemáticos de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Asinado o día 02/12/2025 ás
15:40
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un problema de máxima importancia política e as institucións temos a obriga de fiscalizar o funcionamento dos mecanismos existentes para o seu combate. É por iso que en novembro de 2024 o BNG preguntou, sen resposta, á Conselleira de Política Social e Igualdade sobre os problemas respecto de COMETA dos que o Bloque Nacionalista Galego tiña coñecemento e sobre as demandas que trasladara ou ía trasladar ao respecto. É por iso que ante o coñecemento de distintos fallos no sistema COMETA na posterior posta en marcha da nova concesión o BNG impulsou iniciativas de distinta índole nas diferentes institucións.

Coñecido no mes de setembro de 2025 informacións a través da Memoria da Fiscalía de 2024 que confirmaban consecuencias graves e negativas, o Grupo Parlamentario do BNG rexistrou iniciativas para fiscalizar de que maneira e en que momentos a Xunta tivo coñecemento destas problemáticas, toda vez que se coñece que distintas fontes xudiciais puxeran en coñecemento das institucións esta cuestión.

Asinado o día 02/12/2025 ás
15:40
Por Noa Presas Bergantiños

Porén, como vén sendo habitual, o goberno galego remitiu unha “non resposta” na que respondía unha soa das preguntas formuladas e se parapetaba no pronunciamento, serodio, do Observatorio Galego, que nin sequera se reunira para tal efecto até que este





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39992
Data envío: 02/12/2025 15:42:12.612

Grupo Parlamentario preguntou por escrito se había algunha valoración e alguén no goberno galego debeu reparar en que tiña un organismo que podía convocar e consultar.

O BNG manifestou na súa nova iniciativa compartir a preocupación e medidas que pedía o Observatorio mais insistiu en solicitar a información que pedía novamente.

Unha vez máis, o goberno da Xunta, demostrando a súa falta de respecto ao Parlamento galego e ao problema máis importante da vida das mulleres, que é a violencia machista, volveu remitir unha “non resposta” remitindo ao acordo do Observatorio que se sinalaba na propia pregunta sen sequera molestarse en corrixir os erros de lingua que se sinalaban, nunha resposta ridícula na que alterna galego e castelán sen pasar sequera un corrector e impropia dunha administración respectable.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Por que oculta a Xunta de Galiza cando e de que maneira comunicou tivo coñecemento dos fallos das pulseiras telemáticas e comunicou este extremo ao goberno do Estado?

En que data tivo coñecemento e a través de que fonte?

Que problemas sinalou ao goberno central e en que data ou datas?

Non actuou antes de outubro de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2025 15:40:12

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2025 15:40:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/12/2025 15:40:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39992
Data envío: 02/12/2025 15:42:12.612

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 15:42:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39992
Data envío: 02/12/2025 15:42:12.612

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 40000
Data envío: 02/12/2025 16:24:50,773

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:22
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García e Ariadna Fernández González, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de establecer unha estratexia nos centros educativos para a protección das menores nos entornos dixitais, consensuada con todos os axentes sociais e institucionais implicados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro foi presentado o informe de Unicef sobre o impacto da tecnoloxía na infancia e adolescencia, con datos en clave estatal.

O estudo está realizado con escolares de idades comprendidas entre os 10 e 20 anos, que cursen 5º e 6º de Primaria, ESO, Bacharelato, FP Básica ou Ciclos Formativos de Grado Medio en centros públicos, privados ou concertados (Mostra de aprox. 93.153 estudantes, que foi depurada ata 75.329).

Alumnado entre 10 e 20 anos, de Primaria, o 58,4% ESO, o 11,5% Bacharelato e o 3,2% restante Formación Profesional. O 49,4% eran mozos, o 48,8% mozas e o 1,8% non respondeu cando se lles preguntou polo seu sexo biolóxico.

A recollida de datos realizouse entre novembro de 2024 e xuño de 2025 mediante un cuestionario online implementado en LimeSurvey e aloxado nun servidor do Centro de Supercomputación da Galiza. O alumnado cumplimentou o cuestionario nas propias aulas dos centros baixo a supervisión do persoal docente, previo consentimento dos seus pais ou titores legais. Foi informado dos obxectivos do estudo, así como do anonimato e a confidencialidade das súas respostas. Para estandarizar o procedemento de recollida de

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:22
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:22
Por Cristina Fernández Davila



datos, facilitar a maior participación posible e resolver eventuais dúbidas, elaborouse un Manual de Procedemento, dispoñible tamén en diferentes linguas.

O estudo presenta unhas conclusións moi interesantes, pero de vez preocupantes:

1.- A presenza dos dispositivos dixitais no día a día de nenos, nenas e adolescentes é evidente. O 82,4% dispón de móbil propio, ao que acceden de media aos 10,8 anos. Estando rexistrados o 92,5% nunha rede social ou máis.

2.- Constatouse que o uso das pantallas conleva unha serie de riscos evidentes: prevalencia de sexting ou sexting pasivo, presións para enviar fotos propias de carácter erótico o sexual ou chantaxes e intentos de extorsión. O 5,7% dos menores de 16 anos refire ter recibido propostas sexuais por parte de adultos a través de Internet.

3.- Os videoxogos son unha das principais formas de ocio na infancia e adolescencia. O 53,5% do alumnado xoga ao menos unha vez á semana e un de cada 5 todos ou case todos os días. Unha parte destina, amais, cartos aos videoxogos, a compras ou descargas, a mercar skins, xemas, cartas ou xogadores. O 70,2% dos xogadores consume contidos violentos con prevalencias maiores de ciberacoso ou acoso escolar.

4.- 1 de cada 10 adolescentes de menos de 18 anos refire ter xogado cartos ou apostado algunha vez de forma presencial ou online.

5.- Compróbase que este tipo de adicións ou usos problemáticos soen estar asociados con problemas a nivel emocional e unha peor calidade de vida, reflectíndose en maiores niveis de ansiedade, depresión, somatización e, incluso, de risco suicida. Este alumnado tende a presentar unha peor saúde mental. Os datos revelan que o 14,2% dos adolescentes presentan síntomas de malestar emocional, o 13,1% síntomas depresivos e o 7,4% risco suicida elevado.

6.- O 10,1% dos e das adolescentes consume pornografía de forma habitual, o acceso a este tipo de contidos prodúcese a idades moi temperás, e a prevalencia dun posible consumo problemático é elevada (un de cada cinco).



7.- Sobre a convivencia familiar, no 15,2% dos fogares detéctase algunha acción de violencia cara algún dos proxenitores e en canto á convivencia escolar hai unha prevalencia do 25% de vitimización escolar e un 8,3% a de cibervitimización, cunha notable afectación a nivel emocional entre quenes a sofren.

8.- O 31,3% do alumnado que ten ou tivo parella refire ter sufrido algunha manifestación de violencia frecuente, xeralmente condutas de control das amizades nas redes sociais, utilización de dispositivos dixitais para controlar onde e con quen están en cada momento ou a revisión non consentida do teléfono móbil.

9.- Queda de manifesto nos resultados a diferenza por idade, pero sobre todo por xénero. A maneira en que mozos e mozas se relacionan no entorno dixital é distinto, con riscos e patróns tamén diferentes, por iso é preciso adaptar o enfoque á hora do deseño de elaborar políticas preventivas.

10.- Finalmente, resulta necesario abordar o uso dixital na infancia e adolescencia de xeito integral e comunitario e, sobre todo, tendo en conta sempre o punto de vista e o sentir das e dos adolescentes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai tomar o Goberno Galego para establecer estratexias no ámbito educativo en colaboración co resto de axentes implicados co obxecto de abordar o uso da tecnoloxía dende o punto de vista da infancia e adolescencia, contando coa súa participación, e co obxectivo de previr problemas de seguridade e posibles perigos das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/12/2025 16:22:05

Ariadna Fernández González na data 02/12/2025 16:22:15

Daniel Castro García na data 02/12/2025 16:22:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 40000
Data envío: 02/12/2025 16:24:50,773

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 40000
Data envío: 02/12/2025 16:24:50,773

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 16:24:51

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:58
Nº Rexistro: 40013
Data envío: 02/12/2025 16:50:58,946

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:47
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

É xa un unha realidade manifesta a ineficacia e mala xestión do transporte en Galicia. Unha realidade que contrasta de xeito teimudo con esa “lei de impulso demográfico” que pretende asentar a poboación ao territorio e que o que supón é unha fuxida das intencións de morar nunha vila ou cabeceira de comarca que está destinada a un “sálvese quen poida”.

O caso da vila de Betanzos é unha singularidade que se está a replicar noutras vilas galegas. Neste caso unha cabeceira de comarca, con máis de 13.000 habitantes, chamada a recoller poboación procedente non só do eido rural que o circunda, senón tamén da cidade da Coruña.

O fluxo diario de persoas que se desprazan entre A Coruña e Betanzos, vai en aumento. O último cómputo ofrece o dato de 2.771 desprazamentos externos diarios. O que significa que non están contabilizados os desprazamentos de ida e volta e mesmo o número de persoas que viaxan en vehículo particular, co cal o número sería moito maior.

Ademais de “descabalgar” os horarios que estaban establecidos coa cidade da Coruña, con unha periodicidade e liñas concretas, os usuarios que de habitude empregan o transporte público entre ambas poboacións atópanse con cambios constantes ao chegar ás paradas de autobús. Desde cambios de última hora, demoras de máis de 20 minutos así como autobuses que ao encherse as prazas deixan en terra a un bo número de pasaxeiros que non teñen outra

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:47
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:47
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141226

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:58
Nº Rexistro: 40013
Data envío: 02/12/2025 16:50:58,946

opción para achegarse ao seu traballo. Tendo en contas, ademais, que os pasaxes en moitos casos, xa están comprados.

Nas últimas semanas, estes incidentes sucédense con unha frecuencia inusitada, algo que ven acontecendo en modo de escalada sen freo. Cada vez hai máis persoas que teñen que arranxarse para mudar o seu medio de transporte para acudir ao traballo e que se atopan con incidencias como as xa mencionadas sen poder facer nada ao respecto.

Por tal motivo, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que planificación ten a Xunta de Galicia para solventar as anomalías que a diario se producen na liña de autobuses entre A Coruña e Betanzos?

Santiago de Compostela, a 2 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

141227

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/12/2025 16:47:33

Carlos López Font na data 02/12/2025 16:47:38

Aitor Bouza Manso na data 02/12/2025 16:47:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:58
Nº Rexistro: 40013
Data envío: 02/12/2025 16:50:58,946

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:50:58
Nº Rexistro: 40013
Data envío: 02/12/2025 16:50:58,946

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 16:50:59

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:14:03
Nº Rexistro: 40094
Data envío: 03/12/2025 12:14:03.169

Asinado o día 03/12/25
12:12
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á negociación aberta por Recursos de Galiza e Acciona para a compravenda de parques eólicos no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2025, foi revelada a través dos medios de comunicación unha negociación entre Recursos de Galiza (RdG), sociedade mixta liderada pola Xunta de Galiza, e Acciona Enerxía para a compravenda de 26 parques eólicos en Galiza, con 550 megavatios (MW) de potencia instalada, por un prezo indicativo de aproximadamente 700 millóns de euros.

Esta operación presenta características que merecen unha análise crítica máis alá do aspecto meramente comercial, na medida en que:

Significa o primeiro grande investimento de RdG, constituída en 2023 como instrumento de política pública da Xunta de Galiza para canalizar beneficios dos recursos naturais cara ao territorio.

Revela contradicións na aplicación da Lei de promoción Beneficios Sociais e Económicos (Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza), aprobada en 2024.

Expón a RdG a riscos financeiros e reputacionais significativos, incluíndo a transferencia de custos de repotenciación estimados en 600 millóns de euros.

Asinado o día 03/12/2025 ás
12:12
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 03/12/2025 ás
12:12
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cuestiona o modelo de goberno corporativo de RdG e a súa aliñación cos obxectivos fundacionais de maximizar o beneficio social e económico.

Levanta interrogantes sobre a viabilidade económica da operación en termos de valor entregado aos accionistas de RdG, e nomeadamente á Xunta de Galiza.

Recursos de Galiza foi constituída cunha participación pública do 30% para a Xunta de Galiza e co 70% restante distribuído entre 32 empresas galegas diversificadas, c o intención explícita de garantir que o capital natural de Galiza xerara beneficios "para todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma".

Porén, a operación proposta non amosa mecanismos visibles de participación de pemes locais no capital dos parques adquiridos, contravindo o espírito da Lei de Beneficios.

Non contempla transferencia de beneficios aos concellos afectados máis alá dos impostos existentes. Non incorpora planos de creación de emprego cualificado local para a operación ou mantemento dos parques. Non articula modelos de autoconsumo para as comunidades locais, a pesar de ser unha das misións expresas de RdG segundo a Lei de Beneficios.

Os 26 parques eólicos de Acciona entraron en operación entre 1998 e 2005, o que significa que moitos deles xa superan ou están preto de superar os 25 anos de antigüidade, límite regulatorio establecido pola Xunta para obrigar a repotenciación.

A repotenciación destes parques está estimada en aproximadamente 600 millóns de euros segundo fontes do sector consultadas. Isto significa que o custo real de consolidación desta operación para RdG alcanzaría aproximadamente 1.300 millóns de euros (700 millóns de compra + 600 millóns de repotenciación), o que se traduce nun prezo implícito de 2,36 millóns de euros por megavatio.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ademais, o incerto panorama regulatorio — co Goberno de España tendo recorrido a normativa galega de repotenciación ante o Tribunal Constitucional — introduce risco regulatorio que Acciona evita

A negociación foi filtrada aos medios por fontes vinculadas a Acciona, co que non houbo debate público previo sobre a conveniencia estratéxica da operación, tampouco se solicitou parecer do Consello Económico e Social de Galiza sobre os beneficios sociais e económicos da operación, nin se celebrou control parlamentario sobre a operación proposta.

A operación de compravenda de 26 parques eólicos entre Recursos de Galiza e Acciona Enerxía, nas condicións actualmente negociadas, presenta riscos significativos de desvío do obxectivo fundacional de RdG de canalizar beneficios sociais e económicos ás comunidades locais, de incumprimento de disposicións da Lei de Beneficios Sociais e Económicos, de custo financeiro desfavorable para a Xunta de Galiza e Falta de transparencia e participación no proceso de toma de decisións.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración que fai a Xunta de Galiza sobre da operación de compra venda de activos eólicos da empresa Acciona, que avaliación de riscos fixo sobre a mesma e como vai repercutir na cidadanía galega, tendo en conta que se debe de aplicar a lei de beneficios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 03/12/2025 12:12:29

Luis Bará Torres na data 03/12/2025 12:12:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2025 12:12:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:14:03
Nº Rexistro: 40094
Data envío: 03/12/2025 12:14:03.169

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:14:03
Nº Rexistro: 40094
Data envío: 03/12/2025 12:14:03.169

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 12:14:03

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:47:23
Nº Rexistro: 40122
Data envío: 03/12/2025 12:47:23.280

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:45
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o uso da lingua galega no libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”, editado pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Mar editou o libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”. Este libro está dirixido ao público infantil e foi remitido polo goberno galego aos concellos para a súa divulgación nos centros de ensino.

O libro está escrito en galego, mais os nomes dos peixes están en castelán, co que isto implica para a calidade do libro en todos os sentidos, mais tamén no que ten que ver coa lexislación lingüística e coas obrigas deste goberno en relación con ela.

Lembramos, máis unha vez, que o Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 5 que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A Lei de normalización lingüística indica 6.3 do devandito texto legal establece que “os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

Ademais, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado en 2004 por unanimidade no Parlamento Galego establece entre os seus obxectivos os de

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:45
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 03/12/2025 ás 12:45
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego” e “promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega”, ademais de “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”.

A distribución nos centros de ensino de materiais que divulgan os nomes dos peixes en castelán resulta contraria a toda esta normativa que obriga o goberno galego, ademais de que, ao tratarse dun libro teoricamente en lingua galega (e tamén por estar editado e enviado polo goberno galego), sen dúbida xera confusión a respecto da corrección do seu contido e dos propios nomes dos peixes, co que tampouco resulta útil en termos didácticos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Por que a Consellaría do Mar edita e distribúe un libro infantil en galego que non inclúe os nomes dos peixes nesta lingua?
- Ten previsto o goberno galego corrixir a edición do libro “Aventura desde Marlandia: patrulla mariña ao encontro”?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/12/2025 12:45:32

Mercedes Queixas Zas na data 03/12/2025 12:45:40

Daniel Castro García na data 03/12/2025 12:45:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:47:23
Nº Rexistro: 40122
Data envío: 03/12/2025 12:47:23.280

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 12:47:23
Nº Rexistro: 40122
Data envío: 03/12/2025 12:47:23.280

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 12:47:23

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Exposición de motivos

Recentemente coñecía-se a Memoria anual 2024 respecto dos tribunais económico administrativos que publica o Ministerio de Facenda. Segundo os datos en Galiza terían entrado 14.959 casos e foron resoltos 17.810 sendo estimados 9.397. Aínda que a cifra de entrada é menor á dos tres anos anteriores, cabe sinalar que en comparación co resto do Estado o noso país é a segunda comunidade na que máis pleitos tributarios.

Desde o punto de vista cuantitativo, recóllese no informe que o maior número de reclamacións presentadas correspóndelle aos Tribunais Económico-Administrativos de Andalucía, Cataluña, Galiza, Madrid e Valencia.

Entre os conceptos reclamados, como é de agardar, o que máis queixas ten é o do IRPF, mais tamén salientan os impostos de transmisións e actos xurídicos documentados e mais o de sucesións e doazóns así como os propios actos do procedemento recadador.

A ATRIGA debe avaliar estes datos, en comparación tamén coas súas propias reclamacións, para así valorar que propostas de mellora impulsar

Asinado o día 03/12/2025 ás
13:07
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 03/12/2025 ás
13:06
Por Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego o alto grao de litixiosidade que rexistra Galiza por parte das e dos contribuíntes nas súas obrigas fiscais?

Que valoración lle merece a evolución da información recollida na Memoria anual 2024 respecto dos tribunais económico administrativos que publica o Ministerio de Facenda?

A que atribúe a redución de 2021 en diante?

Considera que, aínda así, o feito de liderar Galiza as estatísticas merece unha reflexión?

Como valora os datos respecto dos impostos cedidos?

Que propostas de mellora da relación co contribuínte están a barallar?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/12/2025 13:06:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2025 13:07:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:09:22
Nº Rexistro: 40172
Data envío: 03/12/2025 13:09:22.214

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:09:22
Nº Rexistro: 40172
Data envío: 03/12/2025 13:09:22.214

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 13:09:22

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza respecto do ERE presentado pola empresa Telefónica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Telefónica ven de anunciar o inicio dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) no que se propoñen 6.088 despedimentos, isto é, 24% do total do persoal no conxunto do Estado español.

No concreto, implicará 378 despedimentos en Telefónica SA (32,5%), 233 despedimentos na filial “Innovación Dixital” (23,4%) e 140 saídas na filial Global Solutions (21,9%), ademais dos 3.649 despedimentos previstos para Telefónica España, a máis afectada implicando 41% do persoal, e os 1.124 despedimentos na filial Telefónica Móviles (31,3% do persoal). E estes súmanse os despedimentos de Telefónica Soluciones (267 que implican 23,9%) e os de Movistar+ (297 despedimentos que suman 34,5% do total do cadro de persoal).

Na Galiza, a compañía conta cun cadro de persoal de 500 persoas e o ERE podería afectar a máis dun terzo do persoal, máis de 150 persoas e que en termos porcentuais situaríase en torno a 35% do persoal.

Cabe lembrar que Telefónica é unha empresa con participación pública, pois a SEPI ten 10% do capital social desta compañía e que ademais segue obtendo

Asinado o día 04/12/2025 ás
13:20
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 04/12/2025 ás
13:20
Por Ramón Fernández Alfonzo



importantes lucros na súa actividade, só en 2024, declarou un beneficio neto de 2.304 millóns de euros.

Son dúas cuestións de máxima relevancia. Por unha banda porque a entrada do estado no capital da empresa produciuse para garantir a seguridade dun sector estratéxico, e pola outra banda os beneficios acadados non xustifican medidas de redución de emprego.

Neste contexto, desde o BNG non entendemos que tanto goberno do estado como goberno galego non tomen medidas para evitar o que claramente vai significar un aumento da precariedade laboral no sector das telecomunicacións e un empeoramento dun servizo cada vez máis esencial para a cidadanía e estratéxico desde diferentes puntos de vista: desenvolvemento económico, transición dixital, seguridade sanitaria e das emerxencias, seguridade das comunicacións, etc.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Coñece a Xunta de Galiza cal vai ser o impacto do ERE de Telefónica na Galiza en termos de emprego?
2. Coñece a Xunta de Galiza até que punto o ERE de Telefónica vai afondar na precarización das condicións de traballo do propio persoal de Telefónica que permaneza na empresa así como de todas as persoas traballadoras da súa cadea de subcontratas?
3. Coñece a Xunta de Galiza até que punto a seguridade das comunicacións pode verse afectada pola precarización das condicións de traballo no conxunto da empresa Telefónica e das súas empresas “colaboradoras”?
4. Que opina a Xunta de Galiza da continua redución do cadro de persoal de Telefónica na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Mantivo algunha reunión a Xunta de Galiza coa empresa por causa do ERE presentado? E coas centrais sindicais?

6. Que opina a Xunta de Galiza de que se precarice tamén o servizo a todas as persoas usuarias na Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/12/2025 13:20:00

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/12/2025 13:20:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 13:21:23
Nº Rexistro: 40572
Data envío: 04/12/2025 13:21:23.829

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 13:21:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 13:21:23
Nº Rexistro: 40572
Data envío: 04/12/2025 13:21:23.829

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:05:07
Nº Rexistro: 40472
Data envío: 04/12/2025 12:05:07.915

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cal é o número de vivendas públicas construídas pola Xunta de Galicia na nosa Comunidade Autónoma en cada un dos anos dende 2009 ata a actualidade?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2025

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:54
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:53
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

141248

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/12/2025 11:53:59

Carlos López Font na data 04/12/2025 11:54:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:05:07
Nº Rexistro: 40472
Data envío: 04/12/2025 12:05:07.915

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:05:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:05:07
Nº Rexistro: 40472
Data envío: 04/12/2025 12:05:07.915

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:06:22
Nº Rexistro: 40476
Data envío: 04/12/2025 12:06:22.423

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

En que concellos se construíron vivendas públicas por parte da Xunta de Galicia e cantas corresponderon a cada concello por cada un dos anos entre os comprendidos entre 2009 e a actualidade?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2025

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:54
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:54
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

141251

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/12/2025 11:54:17

Carlos López Font na data 04/12/2025 11:54:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:06:22
Nº Rexistro: 40476
Data envío: 04/12/2025 12:06:22.423

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:06:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:06:22
Nº Rexistro: 40476
Data envío: 04/12/2025 12:06:22.423

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



Como xustifica o Goberno galego que a escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia leve 13 anos sen un concurso de traslados, incumprindo os principios básicos de periodicidade, mobilidade voluntaria e estabilidade profesional?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

141304

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 16:32:53

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 16:34:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:44:18
Nº Rexistro: 40593
Data envío: 04/12/2025 16:44:18.962

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 16:44:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:44:18
Nº Rexistro: 40593
Data envío: 04/12/2025 16:44:18.962

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:32
Nº Rexistro: 40598
Data envío: 04/12/2025 17:20:32.703

Asinado o día 04/12/2025 ás 17:17
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A liberdade de prensa, o dereito á información e o respecto institucional ao labor dos profesionais da comunicación constitúen alicerces imprescindibles dunha democracia. A Constitución española, a Lei 29/2005 de publicidade e comunicación institucional, a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno e o Decreto 102/2012 de comunicación audiovisual establecen obrigas claras tanto para os poderes públicos como para os prestadores privados.

Asinado o día 04/12/2025 ás 17:17
Por Paloma Castro Rey

Nos últimos anos, no Concello de Ourense veñen producíndose actuacións que vulneran estes principios democráticos: eliminación das roldas de prensa institucionais, substitución por “vídeos informativos” sen preguntas difundidos exclusivamente a través da canle privada do alcalde (Auria TV), utilización de medios municipais con fins alleos ao interese público, restricións de acceso aos medios e un ton crecente de confrontación coa prensa.

O último episodio produciuse no Pleno extraordinario do día 25 de novembro. Durante a sesión, o alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, increpou e desprezou publicamente ao fotógrafo Xesús Fariñas mentres este exercía o seu labor profesional, chegando a chamarlle “paparazzi” nun ton claramente ofensivo e intimidatorio.

Asinado o día 04/12/2025 ás 17:17
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Este comportamento é impropio de calquera cargo público e incompatible coa máxima responsabilidade institucional da cidade.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

141307

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:32
Nº Rexistro: 40598
Data envío: 04/12/2025 17:20:32.703

As asociacións profesionais de fotoxornalistas e xornalistas de Galicia condenaron con firmeza este comportamento, lembrando algo fundamental: un ataque a un profesional da información é un ataque ao conxunto do xornalismo e, por extensión, ao dereito da cidadanía a ser informada.

Lamentablemente, este episodio non é un feito illado, senón parte dun patrón: descualificacións reiteradas, bloqueos de acceso, substitución das roldas de prensa por vídeos sen preguntas difundidos só en Auria TV, e unha utilización crecente das institucións con fins partidistas, propagandísticos ou orientados a reforzar o espazo comunicativo privado do propio alcalde como empresario audiovisual.

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, debe actuar para garantir o cumprimento da normativa audiovisual, o correcto uso da comunicación institucional e a protección do dereito da cidadanía a recibir información veraz, plural e independente.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que estes feitos vulneran o dereito á información e deterioran a calidade democrática?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141308

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/12/2025 17:17:10

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 17:17:31

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 17:17:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:32
Nº Rexistro: 40598
Data envío: 04/12/2025 17:20:32.703

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:32
Nº Rexistro: 40598
Data envío: 04/12/2025 17:20:32.703

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 17:20:33

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:19:19
Nº Rexistro: 40911
Data envío: 09/12/2025 12:19:19.437

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes, neste Parlamento, as explicacións do Goberno galego en relación coa prestación de servizos sanitarios por centros privados, porque a cidadanía ten dereito a recibir unha atención de calidade y as ultimas informacións coñecidas poden xerar desconfianza nas persoas que necesiten atención.

Por iso, a deputada que asina quiere coñecer:

Que mecanismos de control e avaliación aplica actualmente o Sergas para garantir a calidade asistencial nos centros sanitarios privados que prestan servizos mediante concerto?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Asinado o día 09/12/2025 ás
12:05
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

141311

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 09/12/2025 12:05:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:19:19
Nº Rexistro: 40911
Data envío: 09/12/2025 12:19:19.437

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:19:19
Nº Rexistro: 40911
Data envío: 09/12/2025 12:19:19.437

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 12:19:20

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:46:04
Nº Rexistro: 40954
Data envío: 09/12/2025 12:46:04.111

Asinado o día 09/12/2025
12:44
Por Enrique Barreiro

Á Mesa do Parlamento

Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que o pagamento das axudas da PAC ten para os profesionais do sector agrogandeiro galego e, nese senso, afondar nas últimas decisións do Goberno galego en relación con este proxecto.

A Política Agraria Común (PAC) é unha política común de todos os países da UE que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. A súa base xurídica recóllese no propio Tratado de funcionamento da UE e orzamentariamente constitúe a principal política da Unión.

A PAC ofrece un firme apoio a agricultores e agricultoras tratando de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, a PAC ofrece estabilidade nos ingresos, proporciona seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario. Desta maneira, o apoio da PAC favorece o mantemento da actividade agraria en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto. Ademais, a PAC define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións proporcionando beneficios, xa non só para o sistema agroalimentario, senón tamén para os consumidores e da sociedade en xeral:

- Subministración de alimentos acorde ás esixencias da consumidores, garantindo tamén que os prezos non repercutan directamente sobre o consumidor.
- Conservación do medioambiente e loita contra o cambio climático.

Asinado o día 09/12/2025 ás 12:43
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 09/12/2025 ás 12:43
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- Fixación de poboación e xeración de emprego no medio rural.
- Xeración directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario.

As axudas da PAC fináncianse con cargo aos fondos europeos agrarios, FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e Feader (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural).

Co obxectivo de proporcionar un fluxo de efectivo para axudar aos agricultores a facer fronte aos seus gastos operativos durante o ciclo agrícola, cada ano realízase o pago do chamado “anticipo da PAC”, que é un pago por adiantado das axudas directas da PAC que reciben os agricultores e gandeiros no marco da Política Agraria Europea.

O pasado mes de outubro a Xunta de Galicia executou o anticipo dos pagos da PAC referidos á solicitude única de 2025, que ascendeu a un total de 43,9 millóns de euros. Esta cifra supón o maior importe pagado no mes de outubro dos últimos anos.

O pago do anticipo deste ano é o máis avultado de todos os importes pagados no mes de outubro. Nas ocasións anteriores, ou ben os pagos realizados en outubro non foron tan cuantiosos ou ben os beneficiarios destes pagos tiveron que esperar ata novembro para ver completado o importe total do seu anticipo.

O Goberno galego xa anunciou que o segundo pagamento da PAC sería efectuado na primeira quincena do mes de decembro, co tope máximo establecido pola Comisión europea de ata o 90% do orzamento total para os pagos directos; posteriormente, continuarase cos pagamentos ata o 30 de xuño de 2026.

Deste xeito, o goberno galego cumpriría cos prazos modelicamente, contando Galicia con arredor de 230 millóns de euros ao final da actual campaña da PAC, que a maiores dos diferentes pagos directos (pagados polo fondo FEAGA), inclúen tamén axudas agroambientais e Zonas con Limitacións Naturais (a través do fondo Feader).





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:46:04
Nº Rexistro: 40954
Data envío: 09/12/2025 12:46:04.111

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:46:04
Nº Rexistro: 40954
Data envío: 09/12/2025 12:46:04.111

Que valoración fai o Goberno galego do pagamento destas axudas da PAC?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 09/12/2025 12:43:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/12/2025 12:43:58

Enrique Barreiro Sánchez na data 09/12/2025 12:44:29

Cristina Campero Dorado na data 09/12/2025 12:44:44

Juan Manuel Casares Gándara na data 09/12/2025 12:44:52

Nicole Grueira Fernández na data 09/12/2025 12:45:05

José Mato Díaz na data 09/12/2025 12:45:23

Ángel Rodríguez Conde na data 09/12/2025 12:45:33

Cecilia Vázquez Suárez na data 09/12/2025 12:45:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 12:46:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 12:46:04
Nº Rexistro: 40954
Data envío: 09/12/2025 12:46:04.111

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:06:52
Nº Rexistro: 40995
Data envío: 09/12/2025 13:06:52.795

Asinado o día 09/12/2025
13:05
Por José Luis Ferro Iñ

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo fracaso da última COP-30 celebrada en Bélem que fai aínda máis prioritario darlle un pulo ás políticas climáticas.

O cambio climático ten que ser unha cuestión prioritaria en todas as políticas, estratexias e plans de administracións, empresas e sociedade civil para mellorar a resposta ante os problemas que está xa a xerar o quecemento global. E, por suposto, tamén a nivel rexional e local porque é unha necesidade urxente.

É preciso xestionar, deseñar estratexias, executalas, dotalas de orzamento, promover leis, tecer alianzas. Nunha palabra: actuar. Precisamos de menos discursos baleiros, menos tópicos e máis facer. Máis traballar.

A Xunta de Galicia, neste eido, está a actuar de forma decidida e firme para que Galicia estea á vangarda climática. De feito, é comunidade autónoma na que máis baixaron as emisións netas de CO2 desde 1990: un 61,7% en 2023, a un ritmo cinco veces maior que o conxunto de España, cun diferencial de 49 puntos; superando o obxectivo do 55% establecido pola UE para 2030.

A Administración galega ten como reto que Galicia sexa unha rexión neutra de emisións en 2040, cun adianto de 10 anos ao mercado por Europa, e previr e combater os riscos derivados do cambio climático.

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:05
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:04
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora o resultado da COP-30 celebrada en Bélem no que respecta ás políticas climáticas?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 09/12/2025 13:04:56
Carmen Pomar Tojo na data 09/12/2025 13:05:07
José Luis Ferro Iglesias na data 09/12/2025 13:05:23
Cristina Campero Dorado na data 09/12/2025 13:05:34
Rubén Lorenzo Gómez na data 09/12/2025 13:05:50
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/12/2025 13:06:04
Roberto Rodríguez Martínez na data 09/12/2025 13:06:15
Moisés Rodríguez Pérez na data 09/12/2025 13:06:25
Katherinie Varela Fernández na data 09/12/2025 13:06:35



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 13:06:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 13:06:52
Nº Rexistro: 40995
Data envío: 09/12/2025 13:06:52.795

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre o anuncio realizado polo Goberno Galego da posibilidade de que a Unidade da Policía Adscrita a Galiza deixe de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na alarma social xerada polo anuncio realizado polo Goberno Galego da posibilidade de que a UPA deixe de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero.

Exposición de motivos

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galiza ven de manifestar que, de non procederse a sinatura do novo convenio administrativo entre a Xunta de Galiza e o Ministerio do Interior e incrementarse o número de axentes do corpo de policía adscritos a Galiza, a Xunta renunciaría á prestación de servizos que se realizan en virtude de convenios, por exemplo a protección de vítimas de violencia sobre a muller. Decisión que ven seguida da retirada dos axentes que prestaban servizo no Parlamento de Galiza, en San Caetano ou Monte Pío, sendo substituídos nas súas funcións por efectivos de empresas de seguridade privada.

A última memoria da Unidade de Policía Adscrita publicada sinala que durante 2024 foron 649 as mulleres vítima de violencia que foron obxecto de protección por parte desta sección, cunha media de 320 diarias, sendo 355 o número de mulleres protexidas no

Asinado o día 09/12/2025 ás
17:40
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento do peche do ano. Datos que permiten dimensionar a importancia da decisión que anunciou o Conselleiro.

A situación actual xurde tanto do incumprimento das previsións estatutarias que permiten que Galiza conte cun corpo de policía propia, como da incapacidade da Xunta de Galiza de chegar a un acordo co Ministerio do Interior para renovar o Convenio sobre a adscrición dunha sección da policía á Galiza. Convenio vencido a finais de 2008 e que ningún dos titulares da Consellaría de Presidencia durante estes anos – Alfonso Rueda e Diego Calvo- foron quen de renovar, malia o distinto signo político dos gobernos do estado durante este período.

Onte nun paso máis na estratexia de confrontación co goberno do Estado e subordinando os intereses e necesidades dos galegos e galegas ao cumprimento das instrucións do Partido Popular de Madrid, anunciouse a eventual supresión da protección policial ás vítimas de violencia de xénero, decisión que debe ser inmediatamente desautorizada e rectificadora, adoptando as medidas necesarias para garantir a seguridade das mulleres vítimas de violencia machista e que agora, como consecuencia das manifestacións do goberno galego, viron aumentada a súa preocupación pola eventual perda das medidas de vixilancia e protección.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Ten previsto o Goberno Galego que os axentes da Unidade da Policía Adscrita a Galiza deixen de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/12/2025 17:40:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 17:41:35
Nº Rexistro: 41110
Data envío: 09/12/2025 17:41:35.053

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 17:41:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 17:41:35
Nº Rexistro: 41110
Data envío: 09/12/2025 17:41:35.053

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao presidente da Xunta de Galicia.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, a Consellería de Medio Ambiente anunciou que o obxectivo principal e o **"impulso definitivo" dos orzamentos para 2026 será a xestión plena do litoral, destinando inxentes cantidades de recursos.** Isto coincide coas directrices do Grupo Parlamentario Popular que instan a priorizar a franxa costeira, deixando unha vez máis ao interior abandonado e a Ourense, coma a cenicienta de Galicia.

A discriminación de Ourense, xa recorrente nos orzamentos, neste ano resulta especialmente difícil de tolerar dado que **neste verán de 2025 a nosa provincia sufriu o azoute dos incendios forestais, xerando unha necesidade de recuperación urxente que non parece reflectirse con esa mesma contundencia nin orzamentaria nin política nos plans da Xunta, máis preocupada en xestionar competencias administrativas na costa que en rexenerar o territorio queimado no interior.**

Polo exposto, formúlase a seguinte pregunta:

Sr. Presidente, ten previsto o seu Goberno priorizar con fondos extraordinarios e inmediatos a recuperación da provincia de Ourense tras os graves incendios deste verán de 2025, ou pensa atender a proposta do grupo parlamentario do Partido Popular aprobada en comisión, de centrar o esforzo investidor no litoral, deixando, unha vez máis, a Ourense nun segundo plano?

Santiago de Compostela, 01 de Decembro de 2025.
Fdo. D. Armando Ojea Bouzo.
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.

Asinado o día 02/12/2025 ás
00:04
Por Armando Ojea Bouzo



Asinado dixitalmente por:

Armando Ojea Bouzo na data 02/12/2025 0:04:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 39912
Data envío: 02/12/2025 00:06:19.511

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 0:06:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 39912
Data envío: 02/12/2025 00:06:19.511

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, vai seguir gobernando para os grandes lobbies e empresas amigas do PP ou vai empezar a defender o interese xeral de Galiza?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Asinado o día 09/12/2025 ás
18:02
Por Ana Pontón Mondelo



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/12/2025 18:02:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 18:04:54
Nº Rexistro: 41111
Data envío: 09/12/2025 18:04:54.916

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2025 18:04:54
Nº Rexistro: 41111
Data envío: 09/12/2025 18:04:54.916

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 18:04:58

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de Control da CSAG polo trámite de urxencia**, sobre o futuro da CSAG.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre esta cuestión

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da renovación da Dirección Xeral da CSAG e da nova etapa que se abriu na radio e televisión pública de Galiza é evidente que un dos grandes retos que ten por diante a Corporación é garantir o cumprimento da súa misión de servizo público e achegar novos públicos nun escenario altamente competitivo na televisión lineal sen perder de vista as novas formas de consumo audiovisual.

Os últimos datos de audiencias, que como xa trasladou o G.P do BNG en anteriores ocasións sitúan a televisión pública de Galiza en mínimos históricos, así como as mudanzas na programación evidencian a necesidade de abordar cal é a folla de tura da nova dirección. Cara á onde quere levar a radio e televisión pública de Galiza.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de Control da CSAG polo trámite de urxencia:

Cal é a folla de ruta da DX da CSAG para os próximos anos?

Cara á onde quere levar a nova DX a radio, a televisión e a Plataforma AGAlega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2025 12:07:20

Iago Suárez Fernández na data 04/12/2025 12:07:28

Alexandra Fernández Gómez na data 04/12/2025 12:07:39

Daniel Castro García na data 04/12/2025 12:07:46

Mercedes Queixas Zas na data 04/12/2025 12:07:56



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:08:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:08:15
Nº Rexistro: 40486
Data envío: 04/12/2025 12:08:15.502

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 09/12/25
18:58
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas a tomar diante do aumento de enfermidades respiratorias, especialmente a gripe.

Asinado o día 09/12/2025 ás
18:57
Por Iago Suárez Fernández

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes en sede parlamentar as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza diante do aumento de enfermidades respiratorias, especialmente a gripe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda non chegamos o pico da gripe e das infeccións respiratorias e a situación nos centros de saúde é máis que preocupante. A moita a dificultade que moitos e moitas doentes teñen xa estes días para conseguir unha cita co seu médico/a de cabeceira. Cada día son máis os centros nos que xa non queda oco en todo o mes de decembro.

Unha situación que é consecuencia da situación de baixo mínimos na que se atopa a Atención Primaria, consecuencia dunha política sanitaria que escatima en persoal e orzamento. Segundo denuncia o informe do CES en dous anos hai 141 médicos ou médicas de familia menos en dous anos; o Goberno do PP recortou desde

Asinado o día 09/12/2025 ás
18:57
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2009 case 1.700 millóns de euros no primeiro nivel asistencial e o auténtico eixo vertebrador do sistema público de sanidade.

Hai centros sen ningún médico, outros nos que tiña que haber catro e hai un; onde tiña que haber sete, pode haber dous, casos nos que non se presta asistencia ou só se presta unhas horas.

O problemas para recibir atención debido aos recortes e a falta de planificación da Consellería fan que moitos e moitas doentes, tanto as crianzas que sofren a falta de pediatras como os adultos, acudan os servizos de urxencias, o que está provocando que tamén PACs e urxencias hospitalarias estean tremendamente tensionada.

Estamos vendo urxencias con doentes nos corredores, incluídos enfermos con problemas de saúde mental que precisan vixilancia constante, e hai pacientes que teñen que agardar varios días para ser ingresados en planta. Casos sangantes como a do hospital Abente y Lago da Coruña, onde están ingresando tres doentes en habitacións de dimensións moi reducidas, imposibilitando unha atención minimamente digna.

É preciso que a Consellería de Sanidade deixe de actuar para a galería e se anticipe ao pico máximo da gripe e outras enfermidades relacionadas con infeccións respiratorias poñendo en marcha as medidas e os recursos necesarios, e habilitando con antelación a totalidade das camas hospitalarias.

Non se pode agardar a que o problema chegue ao seu punto máximo para abrir camas, porque facelo non consiste en darlle a un interruptor, senón que hai que contratar o persoal, dotar de medicación, de material, de persoal preciso de enfermería, de medicina, de tcaes (tecnicxs de coidados auxiliares de enfermería), de celadores, de limpeza... É imprescindible a planificación e a programación, e ter todos estes recursos preparados e totalmente operativos sen esperar a que se produza o problema.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os galegos e as galegas teñen dereito a unha atención sanitaria de calidade e os profesionais a unhas condicións laborais dignas, sen ter que estar continuamente en situación límite, sobrecargados de traballo, facendo o traballo de tres ou catro e tendo que dobrar quendas, é necesario dotar de máis persoal sobre todo á Atención Primaria, para evitar que cheguen máis casos ás Urgencias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

En que consiste o plan de continxencias posto en marcha polo Sergas diante do aumento de enfermidades respiratorias, especialmente a gripe?

Cantos recursos foron mobilizados, desagregados por centros?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitucións...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

A previsión contempla ter operativos todos os recursos hospitalarios e as contratacións de persoal a tempo completo até que se verifique a diminución da demanda?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/12/2025 18:57:27

Iago Suárez Fernández na data 09/12/2025 18:57:49

Olalla Rodil Fernández na data 09/12/2025 18:58:02

Iria Carreira Pazos na data 09/12/2025 18:58:13,09/12/2025 18:58:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 18:58:56

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:41:33
Nº Rexistro: 39902
Data envío: 01/12/2025 17:41:33,063

Á MESA DO PARLAMENTO

Maria Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

O sistema de prevención e extinción de incendios forestais en España está sustentado nunha arquitectura normativa estatal que garante a coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas, e que resulta especialmente relevante para territorios de alto risco como Galicia.

Desde 1994, coa creación da Comisión Nacional de Protección da Natureza, púxose en marcha o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), órgano esencial para a cooperación técnica e operativa entre administracións. Este marco foi posteriormente reforzado polo Real decreto 1424/2008, que determinou a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e consolidou ao CLIF como o espazo de coordinación nacional dos medios terrestres, aéreos e de comunicación na loita contra o lume.

Posteriormente, o Real decreto 893/2013 aprobou a Directriz básica de planificación de Protección Civil para emerxencias por incendios forestais, establecendo principios comúns de planificación en todo o Estado. No ano 2014, o Plan Estatal de Protección Civil ampliou as ferramentas de coordinación interadministrativa, reforzando o papel das comunidades autónomas no desenvolvemento dos seus dispositivos propios.

Asinado o día 01/12/2025 ás
17:39
Por Lara Méndez López

Asinado o día 01/12/2025 ás
17:39
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

141344

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:41:33
Nº Rexistro: 39902
Data envío: 01/12/2025 17:41:33,063

O salto cualitativo produciuse en 2022 coa aprobación do Real decreto-lei 15/2022, que introduciu reformas estruturais na Lei de montes e que fixou obrigas claras ás comunidades autónomas. Entre elas destaca a modificación do artigo 48 da Lei de montes, que establece que os plans anuais de prevención, vixilancia e extinción deben ser aprobados e publicados antes do 31 de outubro do ano precedente, co fin de garantir unha planificación anticipada, unha coordinación adecuada e unha distribución eficiente dos recursos.

No mesmo ano, a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente aprobou as “Orientacións estratéxicas para a xestión de incendios forestais en España”, elaboradas polo CLIF, que insisten en que estes plans anuais deben actuar como instrumentos vertebradores das políticas territoriais e forestais. Estas orientacións establecen liñas prioritarias como integrar o risco de incendios na planificación urbanística, actualizar os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e desenvolver mecanismos de participación activa como as Mesas do Lume.

No ano 2025, o Real decreto 716/2025 incorporou estas orientacións ao dereito positivo, aprobando as directrices e criterios comúns dos plans anuais autonómicos. Estas directrices non son recomendacións: son criterios obrigatorios que deben ser incorporados polos plans autonómicos. Entre eles están a integración do lume na planificación territorial, o reforzo da prevención desde a protección civil, a adaptación dos dispositivos aos incendios de alta intensidade, a formación continua do persoal, a resiliencia das masas forestais e a participación activa dos sectores implicados.

A aprobación e publicación en prazo do plan anual non é só unha obriga legal: é unha condición previa para que o dispositivo galego poida funcionar con eficacia. A falta de publicación en prazo supón atrasos na contratación, debilita

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141345

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:41:33
Nº Rexistro: 39902
Data envío: 01/12/2025 17:41:33,063

a coordinación interadministrativa, impide á cidadanía coñecer as medidas aplicadas e dificulta a planificación operativa de todo o sistema.

Galicia leva anos incumprindo sistematicamente esta obriga, o que evidencia un déficit de planificación e unha desconexión preocupante entre a Xunta e a normativa estatal vixente.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que explicación ofrece a Xunta de Galicia para non aprobar e publicar no prazo legal —antes do 31 de outubro— o Plan Anual de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais conforme ás obrigas do Real decreto-lei 15/2022 e do Real decreto 716/2025?

Parlamento de Galicia, 1 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141346

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/12/2025 17:39:05

Lara Méndez López na data 01/12/2025 17:39:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:41:33
Nº Rexistro: 39902
Data envío: 01/12/2025 17:41:33.063

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 17:41:33
Nº Rexistro: 39902
Data envío: 01/12/2025 17:41:33.063

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 17:41:33

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:51:28
Nº Rexistro: 40015
Data envío: 02/12/2025 16:51:28.211

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:49
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

É xa un unha realidade manifesta a ineficacia e mala xestión do transporte en Galicia. Unha realidade que contrasta de xeito teimudo con esa “lei de impulso demográfico” que pretende asentar a poboación ao territorio e que o que supón é unha fuxida das intencións de morar nunha vila ou cabeceira de comarca que está destinada a un “sálvese quen poida”.

O caso da vila de Betanzos é unha singularidade que se está a replicar noutras vilas galegas. Neste caso unha cabeceira de comarca, con máis de 13.000 habitantes, chamada a recoller poboación procedente non só do eido rural que o circunda, senón tamén da cidade da Coruña.

O fluxo diario de persoas que se desprazan entre A Coruña e Betanzos, vai en aumento. O último cómputo ofrece o dato de 2.771 desprazamentos externos diarios. O que significa que non están contabilizados os desprazamentos de ida e volta e mesmo o número de persoas que viaxan en vehículo particular, co cal o número sería moito maior.

Ademais de “descabalgar” os horarios que estaban establecidos coa cidade da Coruña, con unha periodicidade e liñas concretas, os usuarios que de habitade empregan o transporte público entre ambas poboacións atópanse con cambios constantes ao chegar ás paradas de autobús. Desde cambios de última hora, demoras de máis de 20 minutos así como autobuses que ao encherse as prazas deixan en terra a un bo número de pasaxeiros que non teñen outra

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:49
Por Carlos López Font

Asinado o día 02/12/2025 ás 16:48
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

141349

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:51:28
Nº Rexistro: 40015
Data envío: 02/12/2025 16:51:28.211

opción para achegarse ao seu traballo. Tendo en contas, ademais, que os pasaxes en moitos casos, xa están comprados.

Nas últimas semanas, estes incidentes sucédense con unha frecuencia inusitada, algo que ven acontecendo en modo de escalada sen freo. Cada vez hai máis persoas que teñen que arranxarse para mudar o seu medio de transporte para acudir ao traballo e que se atopan con incidencias como as xa mencionadas sen poder facer nada ao respecto.

Por tal motivo, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando vai a solventar a Xunta de Galicia as incidencias de cambios de hora e anulación de autobuses da liña A Coruña – Betanzos?

Santiago de Compostela, a 2 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

141350

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/12/2025 16:48:50

Carlos López Font na data 02/12/2025 16:49:01

Aitor Bouza Manso na data 02/12/2025 16:49:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:51:28
Nº Rexistro: 40015
Data envío: 02/12/2025 16:51:28.211

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2025 16:51:28
Nº Rexistro: 40015
Data envío: 02/12/2025 16:51:28.211

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 16:51:28

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 02/12/25
19:48
Por Iago Tabarés Pêr

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza tras a inspección de traballo ao servizo de axuda no fogar do Concello de Vilar de Barrio.

Asinado o día 02/12/2025 ás
19:46
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do Parlamento de Galiza celebrado o pasado 18 de novembro a representante do Grupo Parlamentario Popular manifestou a constancia da existencia de graves incumprimentos dos dereitos laborais das traballadoras do servizo de axuda no fogar do Concello de Vilar de Barrio. Imputacións que, malia a súa gravidade, estaban orfas de calquera proba.

O servizo de axuda no fogar do Concello de Vilar de Barrio foi obxecto dun proceso de fiscalización e exame por parte da Inspección de traballo e seguridade social do Ministerio de Traballo e Economía Social do goberno do Estado. A función da Inspección abrangue tanto a regularidade na contratación do persoal, como as condicións laborais das traballadoras (contratos, xornada, salarios, descansos...) como o encadramento, afiliación ou o cumprimento da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo. No consta que tras o proceso de inspección, de cuxa regularidade, rigor e imparcialidade non hai motivos para a dúbida, se apreciase a existencia da comisión de infracción

Asinado o día 02/12/2025 ás
19:46
Por Sonia Vidal Lamas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

algunha cuxa competencia sancionadora que, en todo caso, correspondería á Xunta de Galiza.

Por outra banda, si consta que precisamente o Concello de Vilar de Barrio é un dos poucos, senón o único, no que se está a negociar un convenio para a determinación e concreción dos dereitos das traballadoras do servizo de axuda no fogar.

E por iso que, ante as imputacións realizadas dende o Grupo Parlamentario Popular, e non constando o fundamento das mesmas, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-Incoou a Xunta de Galiza procedemento sancionador como consecuencia da inspección realizada ao servizo de axuda no fogar do Concello de Vilar de Barrio?

-Coñece a Xunta de Galiza se a Inspección levantou acta de infracción ao Concello de Vilar de Barrio?

-Entende a Xunta de Galiza que de constar a existencia de infraccións normativas tanto sobre as condicións laborais, como de afiliación, como de riscos e saúde laboral a inspección de traballo emitiría acta de infracción?

-Considera a Xunta de Galiza que a Inspección de Traballo está a realizar adecuadamente o seu labor de supervisión, control e garantía dos dereitos laborais no exercicio das súas competencias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-No seu caso, ten previsto demandar do goberno do estado o incremento de competencias e/ou facultades en materia de inspección laboral e de seguridade social?

-Incoou a Xunta de Galiza algún procedemento sancionador contra algunha entidade local de Galiza ou concesionaria, como consecuencia de infraccións á normativa laboral ou de seguridade social na prestación do servizo de axuda no fogar?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 02/12/2025 19:46:26

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2025 19:46:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/12/2025 19:48:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 40033
Data envío: 02/12/2025 19:48:50.464

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 40033
Data envío: 02/12/2025 19:48:50.464

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/12/2025 19:48:51

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

No mes de febreiro de 2022 coñeciamos polos medios de comunicación o anuncio da dimisión dun médico de atención primaria en Galicia despois de seren presentadas denuncias por “presuntos abusos a pacientes” ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Padrón.

Segundo se informou, varias pacientes relataron que foron sometidas a tocamentos non consentidos e que a solicitude de axustes ou explicacións non foi atendida adecuadamente.

Transcorridos 3 anos non temos coñecemento e non consta –publicamente–en que punto se atopa a investigación por parte das instancias correspondentes ou a situación dos correspondentes procedementos internos no ámbito do Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Este grave suceso xera unha inevitable preocupación pola seguridade, a dignidade e a confianza das usuarias do sistema público de saúde, así como pola necesidade de garantir a protección eficaz dos dereitos das pacientes e a transparencia nas actuacións da administración sanitaria.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:28:53
Nº Rexistro: 40178
Data envío: 03/12/2025 13:28:53,735

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas tomou a Consellería de Sanidade ou o Sergas para garantir que o expediente aberto a raíz deste caso sexa investigado con total transparencia e rigor, así como para asegurar que se adoptan as sancións procedentes se fosen acreditadas as denuncias?
2. En que situación se atopa actualmente ese expediente? Existen actualizacións públicas sobre as dilixencias instruídas ou os pasos dados ata o momento?
3. Que mecanismos de protección, supervisión e garantía da integridade física e psicolóxica das pacientes se implementaron nos centros de saúde da comunidade tras ese suceso?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141359

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/12/2025 13:26:12

Elena Espinosa Mangana na data 03/12/2025 13:26:21

Silvia Longueira Castro na data 03/12/2025 13:26:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:28:53
Nº Rexistro: 40178
Data envío: 03/12/2025 13:28:53,735

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:28:53
Nº Rexistro: 40178
Data envío: 03/12/2025 13:28:53,735

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 13:28:54

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

No mes de febreiro de 2022 coñeciamos polos medios de comunicación o anuncio da dimisión dun médico de atención primaria en Galicia despois de seren presentadas denuncias por “presuntos abusos a pacientes” ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Padrón.

Segundo se informou, varias pacientes relataron que foron sometidas a tocamentos non consentidos e que a solicitude de axustes ou explicacións non foi atendida adecuadamente.



Transcorridos 3 anos non temos coñecemento e non consta –publicamente–en que punto se atopa a investigación por parte das instancias correspondentes ou a situación dos correspondentes procedementos internos no ámbito do Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

A este grave suceso engádese que tivemos coñecemento de que esta persoa está a levar a cabo funcións de asistencia telefónica no servizo do 061, o que xera unha inevitable preocupación pola seguridade, a dignidade e a confianza das usuarias do sistema público de saúde, así como pola necesidade de garantir a protección eficaz dos dereitos das pacientes e a transparencia nas actuacións da administración sanitaria.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:55:47
Nº Rexistro: 40205
Data envío: 03/12/2025 13:55:47,710

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a situación laboral na que se atopa na actualidade o profesional denunciado?
2. Está este profesional a desenvolver funcións de asistencia telefónica a pacientes desde o 061?
3. En particular, mantén este profesional denunciado algún tipo de vinculación contractual ou funcional co Sergas ou permanece en situación de suspensión, excedencia, baixa, ou calquera outra figura administrativa?
4. Pode o Goberno galego confirmar que este profesional non exerce funcións asistenciais aínda que sexa telefonicamente mentres se investiga o caso?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141363

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/12/2025 13:54:11

Elena Espinosa Mangana na data 03/12/2025 13:54:23

Silvia Longueira Castro na data 03/12/2025 13:54:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:55:47
Nº Rexistro: 40205
Data envío: 03/12/2025 13:55:47,710

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2025 13:55:47
Nº Rexistro: 40205
Data envío: 03/12/2025 13:55:47,710

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2025 13:55:48

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:39:11
Nº Rexistro: 40524
Data envío: 04/12/2025 12:39:11.052

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En 1973, o Concello de Cesuras solicitaba a cesión gratuíta da finca denominada “Sanatorio Antituberculoso de Cesuras” para a creación dun parque público municipal, e conservación e defensa da súa masa arbórea; no edificio existente, a creación dun Centro Municipal de extensión cultural e educativa. E establecemento no seu recinto de instalacións deportivas permanentes para uso da veciñanza.

Na orde de cesión, do 12 de abril de 1973 e publicada no BOE do 1 de maio de 1973, tamén se especifica claramente que si os bens cedidos gratuitamente non fosen destinados ao uso previsto dentro do prazo de cinco anos ou deixasen de selo con posterioridade, considerarase resolta a cesión e reverterían ao Estado.

Pois ben, existe un claro incumprimento respecto aos puntos especificados no BOE de 1 de maio de 1973. E é que neste terreo estase a vulnerar o mantemento da masa arbórea, ademais de non contar cunha planificación clara de que vaise facer co edificio que uns días é albergue de peregrinos e outra un centro de negocios, sen que a día de hoxe saibamos que vai ser dese edificio singular, restaurado con fondos públicos e pechado a cal e canto.

Como dicíamos, a masa arbórea mermou a causa dunha enfermidade no eucalipto, marcándose aqueles que tiñan que ser talados segundo informou a Asociación Forestal Galega. O resultado definitivo foi outro, onde taláronse

Asinado o día 04/12/2025 ás
12:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 04/12/2025 ás
12:37
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141366

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:39:11
Nº Rexistro: 40524
Data envío: 04/12/2025 12:39:11.052

árbores que non tiñan razón de ser, sen que ningún dera unha xustificación do que foi perpetrado no entorno da finca.

A día de hoxe, o edificio atópase restaurado e pechado, sen uso para a veciñanza (tal e como se recolle na orde de cesión) e o parque de árbores mermado por causa de talas que foron máis alá do que marcaba a necesidade.

Polo exposto, as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta:

Cal é o motivo que ten o Concello de Oza-Cesuras para ignorar as condicións de cesión da finca do “Sanatorio Antituberculoso de Cesuras” e actuar sobre ese terreo de forma indiscriminada e sen obxectivos claros?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

141367

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/12/2025 12:37:26

Elena Espinosa Mangana na data 04/12/2025 12:37:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:39:11
Nº Rexistro: 40524
Data envío: 04/12/2025 12:39:11.052

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:39:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:39:11
Nº Rexistro: 40524
Data envío: 04/12/2025 12:39:11.052

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:50:58
Nº Rexistro: 40552
Data envío: 04/12/2025 12:50:58.893

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

A deputada do Partido Popular, Cecilia Vázquez Suárez, foille concedido por parte da Xunta de Galicia o acceso a visitar as instalacións do IES Francisco Aguiar de Betanzos?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro do 2025

Asinado o día 04/12/2025 ás
12:50
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 04/12/2025 ás
12:50
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141370

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/12/2025 12:50:27

Aitor Bouza Manso na data 04/12/2025 12:50:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:50:58
Nº Rexistro: 40552
Data envío: 04/12/2025 12:50:58.893

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:51:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:50:58
Nº Rexistro: 40552
Data envío: 04/12/2025 12:50:58.893

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:05:43
Nº Rexistro: 40474
Data envío: 04/12/2025 12:05:43,620

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o número de vivendas públicas construídas pola Xunta de Galicia na nosa Comunidade Autónoma en cada un dos anos dende 2009 ata a actualidade?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2025

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:55
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:55
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

141373

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/12/2025 11:55:19

Carlos López Font na data 04/12/2025 11:55:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:05:43
Nº Rexistro: 40474
Data envío: 04/12/2025 12:05:43,620

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:05:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:05:43
Nº Rexistro: 40474
Data envío: 04/12/2025 12:05:43,620

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

En que concellos se construíron vivendas públicas por parte da Xunta de Galicia e cantas corresponderon a cada concello por cada un dos anos entre os comprendidos entre 2009 e a actualidade?

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2025

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:55
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:55
Por Aitor Bouza Manso



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/12/2025 11:55:33

Carlos López Font na data 04/12/2025 11:55:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:06:54
Nº Rexistro: 40478
Data envío: 04/12/2025 12:06:54.403

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:06:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:06:54
Nº Rexistro: 40478
Data envío: 04/12/2025 12:06:54.403

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

En cantos concellos galegos non se construíu ningunha vivenda pública por parte da Xunta de Galicia dende o ano 2009, e cales son eses concellos?

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:55
Por Carlos López Font

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2025

Asinado o día 04/12/2025 ás
11:55
Por Aitor Bouza Manso



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/12/2025 11:55:47

Carlos López Font na data 04/12/2025 11:55:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:07:46
Nº Rexistro: 40483
Data envío: 04/12/2025 12:07:46.357

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:07:46
Nº Rexistro: 40483
Data envío: 04/12/2025 12:07:46.357

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:07:47

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª**.

O pasado 15 de outubro tivo lugar unha reunión entre deputadas do Grupo Parlamentario Socialista e traballadoras da escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Nela trasladouse unha situación de profunda precariedade que se arrastra dende hai máis dunha década, afectando a milleiros de profesionais que desempeñan tarefas esenciais nunha das áreas máis sensibles da Administración galega.

As empregadas públicas da escala de Servizos Sociais levan 13 anos sen un concurso de traslados, unha anomalía administrativa que impide a mobilidade voluntaria, limita dereitos básicos, xera inestabilidade vital e profesional e incumpre tanto o principio de periodicidade recollido na normativa como as boas prácticas en materia de función pública.

A isto engádese a práctica inexistencia de oportunidades reais de promoción profesional, o que consolida un modelo organizativo no que o persoal permanece estancado, sen itinerarios claros de carreira, sen recoñecemento da experiencia acumulada e sen instrumentos para mellorar a súa cualificación ou progresar dentro da Administración.

A discriminación tamén se manifesta no acceso ás xefaturas e responsabilidades de coordinación, onde continúan producíndose nomeamentos discrecionais que non garanten a igualdade de oportunidades nin a concorrência competitiva. Estas prácticas resultan aínda máis graves nunha escala altamente feminizada, na que a falta de transparencia e de mobilidade profesional impacta de maneira

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:34
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:32
Por Patricia Iglesias Rey



directa nas condicións laborais das mulleres e na perpetuación de desigualdades estruturais.

Adicionalmente, o persoal de Servizos Sociais da Xunta sofre unha sobrecarga laboral crecente en áreas especialmente sensibles como:

- o IMELGA, onde a carga pericial é cada vez maior e se trasladan ao persoal responsabilidades sen reforzos suficientes;
- o ámbito da dependencia, con listas de agarda extensas e avaliacións acumuladas;
- o sistema de protección de menores, que afronta unha complexidade crecente con equipos infradotados;
- a área de discapacidade, tamén afectada pola falta de reforzos, incremento de expedientes e atrasos na tramitación.

A resposta do Goberno galego fronte a esta realidade non foi o reforzo dos equipos nin a creación de máis prazas, senón unha tendencia progresiva á externalización e privatización de servizos sociais, como se observa na derivación de funcións do IMELGA cara dispositivos externos. Esta estratexia debilita o sistema público, aumenta a inestabilidade e resta capacidade técnica aos servizos propios da Administración.

Todo isto conforma un escenario insostible que require unha resposta inmediata: é necesario convocar concursos, activar procesos de promoción, garantir transparencia nas xefaturas, frear a privatización e reforzar de maneira urxente os equipos profesionais que atenden á cidadanía en ámbitos de especial protección.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como xustifica o Goberno galego que a escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia leve 13 anos sen un concurso de traslados, incumprindo os principios básicos de periodicidade, mobilidade voluntaria e estabilidade profesional?
2. Ten previsto a Xunta convocar de maneira inmediata a elección de destino das prazas ofertadas no concurso de traslados para a escala de Servizos Sociais? En caso afirmativo, cal é o calendario previsto e incluíría todas as prazas ofertadas na convocatoria inicial?
3. Vai remitir a Xunta ao Parlamento un informe detallado sobre os postos ofertados no concurso de traslados da escala de Servizos Sociais que se atopan afectados por recursos xudiciais ou medidas cautelares, incluíndo código de praza, nivel profesional e situación xurídico-administrativa de cada un? En que prazo?
4. Que medidas adoptou o Goberno galego nos últimos anos para garantir a promoción profesional real do persoal da escala de Servizos Sociais, e por que razón seguen sen existir itinerarios efectivos de carreira nin procesos regulares de promoción interna?
5. Cales son os criterios obxectivos que aplica a Xunta para o nomeamento das comisións de servizos das xefaturas e postos de coordinación na escala de Servizos Sociais, e como xustifica a persistencia de prácticas discrecionais nunha escala amplamente feminizada?
6. Recoñece a Xunta a situación de sobrecarga laboral que soportan os equipos dos ámbitos do IMELGA, dependencia, menores e



discapacidade? Que medidas urxentes vai adoptar para reforzar estes cadros de persoal e garantir unha atención adecuada á cidadanía?

7. Cantas prazas vacantes existen actualmente na escala de Servizos Sociais, en que ámbitos concretos, e cal é o plan da Xunta para cubrir de forma estable eses postos que están a xerar saturación e atrasos nos servizos?
8. Que avaliación fai o Goberno galego do impacto da externalización e privatización de servizos sociais —incluído o IMELGA— na calidade da atención e nas condicións laborais do persoal público? Vai a Xunta reverter estes procesos?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 16:32:41

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 16:34:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:42:55
Nº Rexistro: 40591
Data envío: 04/12/2025 16:42:55.632

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 16:42:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:42:55
Nº Rexistro: 40591
Data envío: 04/12/2025 16:42:55.632

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3ª**.

O pasado 15 de outubro tivo lugar unha reunión entre deputadas do Grupo Parlamentario Socialista e traballadoras da escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Nela trasladouse unha situación de profunda precariedade que se arrastra dende hai máis dunha década, afectando a milleiros de profesionais que desempeñan tarefas esenciais nunha das áreas máis sensibles da Administración galega.

As empregadas públicas da escala de Servizos Sociais levan 13 anos sen un concurso de traslados, unha anomalía administrativa que impide a mobilidade voluntaria, limita dereitos básicos, xera inestabilidade vital e profesional e incumpre tanto o principio de periodicidade recollido na normativa como as boas prácticas en materia de función pública.

A isto engádese a práctica inexistencia de oportunidades reais de promoción profesional, o que consolida un modelo organizativo no que o persoal permanece estancado, sen itinerarios claros de carreira, sen recoñecemento da experiencia acumulada e sen instrumentos para mellorar a súa cualificación ou progresar dentro da Administración.

A discriminación tamén se manifesta no acceso ás xefaturas e responsabilidades de coordinación, onde continúan producíndose nomeamentos discrecionais que non garanten a igualdade de oportunidades nin a concorrência competitiva. Estas prácticas resultan aínda máis graves nunha escala altamente feminizada, na que a falta de transparencia e de mobilidade profesional impacta de maneira

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:34
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:32
Por Patricia Iglesias Rey



directa nas condicións laborais das mulleres e na perpetuación de desigualdades estruturais.

Adicionalmente, o persoal de Servizos Sociais da Xunta sofre unha sobrecarga laboral crecente en áreas especialmente sensibles como:

- o IMELGA, onde a carga pericial é cada vez maior e se trasladan ao persoal responsabilidades sen reforzos suficientes;
- o ámbito da dependencia, con listas de agarda extensas e avaliacións acumuladas;
- o sistema de protección de menores, que afronta unha complexidade crecente con equipos infradotados;
- a área de discapacidade, tamén afectada pola falta de reforzos, incremento de expedientes e atrasos na tramitación.

A resposta do Goberno galego fronte a esta realidade non foi o reforzo dos equipos nin a creación de máis prazas, senón unha tendencia progresiva á externalización e privatización de servizos sociais, como se observa na derivación de funcións do IMELGA cara dispositivos externos. Esta estratexia debilita o sistema público, aumenta a inestabilidade e resta capacidade técnica aos servizos propios da Administración.

Todo isto conforma un escenario insostible que require unha resposta inmediata: é necesario convocar concursos, activar procesos de promoción, garantir transparencia nas xefaturas, frear a privatización e reforzar de maneira urxente os equipos profesionais que atenden á cidadanía en ámbitos de especial protección.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como xustifica o Goberno galego que a escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia leve 13 anos sen un concurso de traslados, incumprindo os principios básicos de periodicidade, mobilidade voluntaria e estabilidade profesional?
2. Ten previsto a Xunta convocar de maneira inmediata a elección de destino das prazas ofertadas no concurso de traslados para a escala de Servizos Sociais? En caso afirmativo, cal é o calendario previsto e incluíría todas as prazas ofertadas na convocatoria inicial?
3. Vai remitir a Xunta ao Parlamento un informe detallado sobre os postos ofertados no concurso de traslados da escala de Servizos Sociais que se atopen afectados por recursos xudiciais ou medidas cautelares, incluíndo código de praza, nivel profesional e situación xurídico-administrativa de cada un? En que prazo?
4. Que medidas adoptou o Goberno galego nos últimos anos para garantir a promoción profesional real do persoal da escala de Servizos Sociais, e por que razón seguen sen existir itinerarios efectivos de carreira nin procesos regulares de promoción interna?
5. Cales son os criterios obxectivos que aplica a Xunta para o nomeamento das comisións de servizos das xefaturas e postos de coordinación na escala de Servizos Sociais, e como xustifica a persistencia de prácticas discrecionais nunha escala amplamente feminizada?
6. Recoñece a Xunta a situación de sobrecarga laboral que soportan os equipos dos ámbitos do IMELGA, dependencia, menores e



discapacidade? Que medidas urxentes vai adoptar para reforzar estes cadros de persoal e garantir unha atención adecuada á cidadanía?

7. Cantas prazas vacantes existen actualmente na escala de Servizos Sociais, en que ámbitos concretos, e cal é o plan da Xunta para cubrir de forma estable eses postos que están a xerar saturación e atrasos nos servizos?
8. Que avaliación fai o Goberno galego do impacto da externalización e privatización de servizos sociais —incluído o IMELGA— na calidade da atención e nas condicións laborais do persoal público? Vai a Xunta reverter estes procesos?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 16:32:29

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 16:34:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:43:46
Nº Rexistro: 40592
Data envío: 04/12/2025 16:43:46.484

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:43:46
Nº Rexistro: 40592
Data envío: 04/12/2025 16:43:46,484

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 16:43:47

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:08
Nº Rexistro: 40597
Data envío: 04/12/2025 17:20:08,286

Asinado o día 04/12/2025 ás 17:17
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

A liberdade de prensa, o dereito á información e o respecto institucional ao labor dos profesionais da comunicación constitúen alicerces imprescindibles dunha democracia. A Constitución española, a Lei 29/2005 de publicidade e comunicación institucional, a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno e o Decreto 102/2012 de comunicación audiovisual establecen obrigas claras tanto para os poderes públicos como para os prestadores privados.

Asinado o día 04/12/2025 ás 17:16
Por Paloma Castro Rey

Nos últimos anos, no Concello de Ourense veñen producíndose actuacións que vulneran estes principios democráticos: eliminación das roldas de prensa institucionais, substitución por “vídeos informativos” sen preguntas difundidos exclusivamente a través da canle privada do alcalde (Auria TV), utilización de medios municipais con fins alleos ao interese público, restricións de acceso aos medios e un ton crecente de confrontación coa prensa.

O último episodio produciuse no Pleno extraordinario do día 25 de novembro. Durante a sesión, o alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, increpou e desprezou publicamente ao fotógrafo Xesús Fariñas mentres este exercía o seu labor profesional, chegando a chamarlle “paparazzi” nun ton claramente ofensivo e intimidatorio.

Asinado o día 04/12/2025 ás 17:16
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Este comportamento é impropio de calquera cargo público e incompatible coa máxima responsabilidade institucional da cidade.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

141394

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:08
Nº Rexistro: 40597
Data envío: 04/12/2025 17:20:08,286

As asociacións profesionais de fotoxornalistas e xornalistas de Galicia condenaron con firmeza este comportamento, lembrando algo fundamental: un ataque a un profesional da información é un ataque ao conxunto do xornalismo e, por extensión, ao dereito da cidadanía a ser informada.

Lamentablemente, este episodio non é un feito illado, senón parte dun patrón: descualificacións reiteradas, bloqueos de acceso, substitución das roldas de prensa por vídeos sen preguntas difundidos só en Auria TV, e unha utilización crecente das institucións con fins partidistas, propagandísticos ou orientados a reforzar o espazo comunicativo privado do propio alcalde como empresario audiovisual.

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, debe actuar para garantir o cumprimento da normativa audiovisual, o correcto uso da comunicación institucional e a protección do dereito da cidadanía a recibir información veraz, plural e independente.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas

1. Como valora o Goberno galego o incidente producido no Pleno extraordinario do 25 de novembro, no que o alcalde increpou e desprezou publicamente a un profesional, chamándolle “paparazzi” nun ton ofensivo e intimidatorio?
2. Considera o Goberno galego que este feito vulnera o dereito á información e deteriora a calidade democrática?
3. Comparte o Goberno galego que comportamentos intimidatorios, despectivos ou humillantes cara aos profesionais dos medios son incompatibles coa liberdade de prensa e co principio de transparencia institucional?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:08
Nº Rexistro: 40597
Data envío: 04/12/2025 17:20:08,286

4. Entende o Goberno galego que estes feitos —incluíndo o ataque público a un fotógrafo durante un Pleno— afectan á imaxe institucional de Galicia e ao funcionamento democrático das entidades locais?

5. Que medidas prevé adoptar o Goberno galego para protexer a liberdade de prensa no ámbito municipal?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

141396

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/12/2025 17:16:39

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 17:16:48

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 17:17:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:08
Nº Rexistro: 40597
Data envío: 04/12/2025 17:20:08.286

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 17:20:08
Nº Rexistro: 40597
Data envío: 04/12/2025 17:20:08,286

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 17:20:08

CSV: BOPGDSPG-2adws5JqI-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

